

Manuel Rodríguez López

O Páramo

**Breves apuntes históricos
Xentes paramesas**

O PÁRAMO

**Breves apuntes históricos
Xentes paramesas**

Manuel Rodríguez López

Apenas dúas semanas despois do falecemento do escritor paradelense Manuel Rodríguez López, Jesús Méndez, entón secretario do Concello de O Páramo,

El Progreso miércoles, 28 de febrero de 1990

Libro truncado

Jesús Méndez

Hemos dicho el último adiós al que fue distinguido escritor Manuel Rodríguez López, fallecido a una edad todavía joven y muy vinculado a estas tierras de O Páramo, donde ahora reposa su cuerpo para siempre.

Su muerte causó un gran pesar en este término, sobre todo entre aquellos que disfrutamos de su trato y amistad. Cautivaba por su sencillez, sensibilidad y humanismo. Asiduo asistente a las ferias de primavera de esta localidad, tuvo siempre frases de aliento para la asociación "Amigos del Campo de la Feria", consciente de sus nobles propósitos.

Muy devoto de estas tierras, proyectaba publicar un libro sobre O Páramo, para el que ya tenía muchos trabajos realizados de investigación; libro que, desgraciadamente, con su muerte quedó truncado.

escribía un artigo titulado "Libro truncado". Nel, Jesús laiábase do falecemento do seu amigo e referíase á intención de Manolo de publicar un libro sobre O Páramo, lugar de nacemento da súa dona Irene López Gómez, e lugar onde repousaron os restos mortais do Fillo Predilecto de Paradela durante cinco anos antes de ser trasladados ó Panteón de Paradelense Ilustres no cemiterio do seu berce natal en San Miguel de Paradela.

Trinta anos despois, gracias á

Biblioteca Virtual de GaliciaDixital,

recupéranse e difúndense os escritos e os traballos de investigación publicados polo escritor Manolo Rodríguez na prensa galega sobre aspectos históricos de O Páramo e sobre xentes paramesas coetáneas ó autor.

Máis información sobre Manuel Rodríguez López, na súa web:

<http://www.manuelrodriguezlopez.org/>

APUNTES HISTÓRICOS

Cento setenta cristiáns foron asesinados no Monte do Páramo durante o dominio romano

Ó longo da historia, a primeira referencia ó Páramo aparece na relación dos once condados e tres parroquias en que se dividiu a diócese de Lugo a raíz do discutible concilio celebrado entre 569 e 572 durante a monarquía sueva. Eran os condados de Chamoso, Sobrada, Navia, Sarria, Páramo, Pallares, Deza, Dorra, Ulla, Narla e Montenegro. Ademais da cidade de Lugo e os seus arredores, comprendía as parroquias de Quiroga, Lemabus (Lemos) e Cabarcos (Barreiros, na Marina luguesa)

O doutor Xoán Pallares e Gaioso (1614-1698), no libro «Argos Divina, Nuestra Señora de los Ojos Grandes», publicado en edición facsímil pola Editorial Alvarellos, escribe: «No Concilio Lucense, segundo consta no arquivo da igrexa, reinando Teodomiro, sinaláronse os límites de cada condado». Por un documento sen data no ano de Cristo 1078, citado polo mesmo autor, sabemos que o título do condado Paramensis era episcopal, non realengo.

Tamén se fala do Páramo nun documento de 1246, ano en que o infante Alfonso, máis tarde Alfonso X O Sabio, concedeu un privilexio á Orde Hospitalaria, confirmado en 1255 xa como rei de Castela, donándolle «Páramo, en Galicia, que yace como departe en Riva de Neira, con todas sus derechuras que a Rey pertence et como la tovo siempre ricohome».

Os mártires

Segundo o doutor Manuel Rivas Reixa e Rivadeneira, o Licenciado Antonio Garda conta este feito que tamén o relata un predicador nun discurso manuscrito que se conserva no arquivo da catedral de Lugo. Durante o dominio romano foron asesinados 170 cristianos do convento de San Salvador, sendo enterrados na falda do monte do Páramo. O mosteiro de San Salvador do Páramo, como di o canónigo López Peláez en San Froilán de Lugo, puido estar en Piñeiro ou en Vileiriz, ámbalas dúas localidades baixo a advocación de San Salvador. Confirma a existencia de dito cenobio o P. Yepes que afirma que se encontraba xunto ó monte Páramo (a tradición popular sitúao en Vilarmosteiro) e quen fora construído polo abade Quintila con donacións de D. Gutierre Méndez e da súa dona Aldara. Máis tarde foi incorporado ó mosteiro de Celanova (Ourense) como consta nunha escritura otorgada polos ditos benefactores.

Outra fonte histórica do Páramo témola no Tumbo de San Xulián de Samos (séculos VIII-XII), publicación de Caixa Galicia, con estudio introductorio de Manuel Lucas Álvarez. Nel podemos ler o testamento de Álvaro Godíniz, polo que dona ó mosteiro de Samos a vila de Paredes (ano 1039) e outros referidos a Santiago de Saa, Moscón, Neira e San Xoán de Friolfe.

Visita pastoral

Un documento importante é o manuscrito que nos facilitou Amador López Valcárcel, secretario do bispado de Lugo. Trata da visita pastoral que fixo o bispo

Bustos ó arciprestazgo do Páramo. Nel relaciónase canto viu de interese nas diferentes parroquias e anexos, capelas, sacerdotes, valor dos curatos, compras a realizar, etc. Como mostra transcribo, traducidas ó noso idioma, o referido a San Martiño da Torre, que tiña por anexo San Pedro de Santa Comba.

«San Martiño da Torre. Cura, don Lorenzo de los Oyos e Ramales, de idade de 50 anos, é de presentación eclesiástica, nos meses ordinarios provee o Comendador de Portomarín: leva o cura tódolos froitos, primicias á igrexa, vale o curato co anexo trescentos ducados, hai Santísimo, pía bautismal, crismeiros de prata, está medianamente surtida de ornamentos, e con aseo. Maiordomo, Domingo Vázquez. Ten de final alcance a igrexa ó seu favor 95 reais, queda comunicación ó cura para a súa cobranza e quedalle mandado que cos medios que teña desta igrexa e do anexo faga un pectoral de prata para levar o viático ós enfermos. Hai unha capelanía que posee o licenciado Bartolomé Díaz de Vigo, vale 36 fanegas de renta cada ano, e dezaséis capóns, das cales están incobrable unha tega. Hay unha cofradía do Anxo da Garda, queda comunicación ó cura para que tome as contas. Hai unha ermida de San Antonio Abad, que está reparada e con pechadura, non hai crego. Hay un crego patrimonial presbítero López de Liz».

De San Pedro de Santa Comba, que foi suprimida eclesialmente como parroquia no 1804, durante o pontificado de Felipe Peláez, non queda dana. O mencionado libro de visita pastoral di que era pobre, que había a cofradía de San Roque e unha ermida adicada ó mesmo santo ben reparada.

Diccionario Madoz, 1845 e catastro do Marqués da Ensenada (1752-1753)

Resumimos a Madoz: O Páramo está situado sobre a marxe esquerda do río Miño e o ángulo que forma o Neira ó mesturar as súas augas con aquel reúne 700 casas pero non hai unha propia para concello nin codea. Ten varias escolas sen mestre examinado. No centro érguese o fermoso monte do Páramo. Os camiños están mal coidados e o correo recíbese en Sarria. Produce centeo, patacas, millo, nabos, castañas e cría ganado de toda especie e hai pesca e caza, muiños fariñeiros, teares e artesáns de primeiro. Conta con 3.429 almas.

Xa non queda ningunha descendencia directa de fidalguía no concello

No Páramo, agás na casa de Neira, xa non queda ningunha descendencia directa de fidalguía. O fidalgo máis antigo do que temos noticia a través do actual dono da casa de Neira, don Octavio Cancio Donlebún, foi o capitán Pedro Díaz de Páramo, servidor dos Reis Católicos, señor de Neira e da torre de Piñeiro, vello solar dos Díaz de Páramo, e do pazo torre de Cerceda. O capitán Pedro Díaz de Páramo naceu no 1463 e faleceu na torre de Piñeiro o ano 1515. Este señor está enterrado no presbiterio da igrexa da dita parroquia.

Cinguíndonos soamente á capital do Páramo, Trebolle, os señores da Cal, coma os de Neira, tiñan xurisdicción civil e criminal, segundo lemos no padrón de fidalguía de 1702, eran fidalgos don Xoán Alonso de Armesto, dono da casa de Trebolle, e don Gregorio Pardo. Ampliando datos de casas que pertenceron á actual parroquia de San Martiño da Torre, topónimo debido á torre de Barreira da

que só quedan os fundamentos, no devandito padrón de Fidalgos cítanse, ademais, o morador da casa de Santa Comba, don Xoán Díaz de Páramo; o da casa da Mámoa, don Roque Saco de Quiroga e o da Barreira, don Lorenzo Sarmiento.

Catastro da Ensenada

Outra fonte da que non se pode prescindir, á hora de elaborar un estudio sobre O Páramo é o Catastro do Marqués da Ensenada. Cada parroquia ten libros de legos, eclesiásticos, de fincas rústicas e un interrogatorio de máis de 40 preguntas. Estes libros foron redactados en Portomarín e poden consultarse no Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

La Voz de Galicia, xoves, 8 de xuño de 1989

Notas históricas do Páramo

Xoán Xosé de Castro Trebolle, dende hai 27 anos é o párroco de San Martiño da Torre (Páramo), e dende hai 14 está ó cargo, ademais, da de Piñeiro e dos anexos de San Pedro, de San Andrés de Ribeira (popularmente Santandrea) e de San Mamede da Ribeira.

Natural de A Mota —Pallares de Guntín, (29-3-24)— don Xoán Xosé está plenamente identificado co seu pobo de adopción onde desenvolveu unha gran tarefa cultural, social e humana, mester salientar o labor de restauración que fixo na igrexa: lastrouna con cantería; picou o cal das paredes el personalmente nun teimudo traballo no que empregou 192 horas; fíxolle a bóveda —a correspondente á nave, de obra e a que recubre o presbiterio, de artesanado de madeira— e, nestora, a pesar de que aínda debe un millón ten a idea de reparar o arco toral, proxecto cun custo de 300.000 pesetas que "dada a xenerosidade dos feligreses —dínos— espero se leve a termo co importe da venta de pinos do monte comunal".

A igrexa, de traza rural, ten o atractivo nada común de posuir unha escaleira de caracol incrustada no muro norte para acceder á espadaña, de gran interés un capitel románico, procedente de Santa Marina de Adai, que serve de soporte do sagrario e que don Xoán Xosé conseguiu a cambio dunha pía baptismal e dunha lápida que conforman o actual altar da devandita igrexa. Tamén merece ser destacada a pileta de auga bendita e catro capiteis de madeira, únicos restos do antigo retábulo.

Novo cemiterio tras incontables atrancos

Outra importante realización do párroco de San Martiño é o recente ensanche do cemiterio, feito de acordo coas normas sanitarias tras superar incontables atrancos, con sala de autopsias, crematorio, osario e depósito de cadáveres. As sepulturas son de estilo común ás que se fan na actualidade en tódalas aldeas. Lástima que non trasladaran ó novo camposanto o fermoso panteón-capela de cantería que segue no adrio fronte á porta da igrexa. Emprazado axeitadamente, daríalle enxebreza á nova ampliación, pois a anterior, que ten un paseo abeirado por mirto e sete cipreses lanzais prantados por don Xoán Xosé cando chegou á parroquia, quedou pequena.

A sensibilidade artística do crego de San Martiño nótase amais na casa rectoral, edificio de cantería, ó xeito de pazo, con amplias estancias, algunhas fiestras con maineles, unha entrada nobre e algúns mobles de gran mérito artesanal adquiridos por el.

Libros parroquiais dende o século XVI

O despacho, enriquecido por unha abondosa biblioteca, está presidido por un cadro-coroa dos seus pais arrodoados polos nove fillos. "Eu, que son o segundo, e Daniel —cóntanos— estudiamos para cregos, quizais por influencia do noso tío, Xosé de Castro López, crego de Chantada, a quen substituíu o meu irmán. O noso tío tiña moita afición polos estudos de xenealoxías. El fixo a árbore xenealóxica da nosa familia da Casa de Castro de Paimoure, na Mota, dende o século XVI ata hoxe que a

rixe o meu irmán Francisco. Iso motivoume —engade— para facer o índice alfabético dos vellos libros do arquivo parroquial, depositados recentemente no bispado, que comencan no século XVI.

Don Xoán Xosé segue a traballar no mesmo tema. Puidemos comprobalo no tomo IV de Bautizados (1869— 1917) un labor —afirma— moi monótono, pero compensa cando, como xa me ten sucedido, serve para facilitar datos a persoas interesadas na confección das propias árbores xenealóxicas".

O "hobby" de Xoán Xosé de Castro Trebolle—curiosamente os seus apelidos coinciden con dous lugares da parroquia— é a electricidade. Na comarca coñéceselle por "o crego electricista". Autodidacta por obriga, cando non había electricistas no Páramo, empezou facendo a instalación eléctrica na rectoral e logo, fixo a da súa igrexa, a da maior parte das outras do Concello e a de moitas casas particulares.

O por qué de dúas festas: O San Pedro e o San Martiño

A parroquia de San Martiño da Torre anexionou a de San Pedro, de Santa Comba.

"Por actas que se conservan —dínos o párroco— sabemos que a de San Pedro ameazaba ruina e que o bispo púxolle ó pobo a condición de reparala, ondenón a parroquia pasaría a depender de San Martiño, como así foi ó non aceptaren colaborar na reconstrucción. Con todo, quizais para congraciarse cos feligreses, o crego de San Martiño da Torre quedou obrigado a celebrar dúas misas tódolos días santos.

A igrexa de San Pedro estaba emprazada na actual Casa Gaioso, do lugar de Santa Comba. Aínda se conserva na aira de dita casa unha pía bautismal e, cando se fixo a carretera A Póboa-Portomarín, encontráronse restos do cemeterio.

A San Pedro, de Santa Comba, pertencían os lugares de "Arriba": A Armada, Penedo, Trebolle, Porta da Vila, Parapar, Río, Vigo e Castro. Os de "Abaixo" (de San Martiño da Torre) os de San Martiño, Rodo, Vilardepenas, Campo, A Mámoa, Veiga e Reboreda. En anos moi recuados, a rivalidade entre os de Arriba e os de Abaixo era grande e, cada quen, celebraba por separado a súa festa, os de Arriba o San Pedro, e os de Abaixo o San Martiño, Hoxe en día síguense celebrando, pero en mancomún.

Vellas historias, tradicións e lendas

A Casa-torre da Mámoa, ornamentada por un escudo, tiña capela particular e nela estivo o Xuzgado ata que lle prenderon lume ó arquivo "para non pasar contas", segundo contan os vellos. Don Xoán Xosé conserva a copia dunha acta conciliatoria, única que se librou do lume, datada no 1867, e que fai referencia a unha larganza do adrio da igrexa "cunha figueira e outras árbores". Tal documento é constancia dun litixio de propiedade e a devandita nogueira, que se lle calcula que ten 200 anos, está considerada como un exemplar do patrimonio natural galego, rexistrado co número 134 no "Inventario Abierto de Arboles: Sobresalientes" pola Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia.

Trebolle foi coto. O señor vivía nunha casa-torre que tiña un bolo de pedra no cimo. Seica tivo tres fillos. O herdeiro deixoulle a casa petrucia —na actualidade

Casa Mosqueira— e para os outros dous construíu as que, hoxe, coñecemos por Casa Fidalgo e Casa Rodríguez, que estaban rematadas por bolos de pedra tamén, o que deu orixe ó topónimo Trebolle (tres bolos).

A Casa Fidalgo xa non é o que foi. A cada parede rebaixáronlle sete pedras. Un Armesto, apelido da casa, fundou o pobo de Berlai, entre Lousada e Portomarín. Tiña os títulos de "señor de sogá y cochillo" e de "Caballero cubierto ante el rey". Os seus descendentes, que aínda conservan o apelido, residen en Buenos Aires.

Da Torre de Barreira, descrita por Manuel Vázquez Seijas no libro "Fortalezas de Lugo y Provincia", conserváanse os cementos e a parte central dos muros de sillería onde se pode ver unha argola. Os seus moradores eran familia dos señores de Riba de Neira. Foi esbarrallada e as mellores pezas de cantería foron incorporadas a outras casas do lugar.

En Castro, como indica o seu nome, houbo un castro, hoxe adicado ó cultivo. Segundo a lenda, a un home que estaba removendo un penedo afundiúselo no chan a palanca (os do lugar chámanlle "pau de ferro") o que motivou a creencia de que é oco no seu interior. Os máis vellos tamén contan que alí libráronse batallas, o que explica que se encontraran sepulturas con restos humanos feitas de chantos.

Casa Gaioso tiña o escudo que agora podemos contemplar en Casa Teixeira, tradición popular que llo deron ós de Teixeira a cambio de dous pans cocidos. De vello, o apelido de Casa Gaioso era "Lence". Hoxe só queda o nome da casa.

Piñeiro, San Mamede e Santa Andrea

A igrexa de Piñeiro é moderna, cunha fermosa espadana e un reloxo de sol sobre a porta lateral. A cantiga popular di así: "Campanario o de Piñeiro, caracol o de San Martiño, campanas as de Saa e retábulo o de Vilarmosteiro".

No pobo de Quintela hai unha casa-torre con escudo que pertenceu ós Sarmientos.

Tamén hai unha casa, hoxe adicada a labranza, que foi casa solarega dos señores de Sampaio.

A igrexa de San Mamede, ademais do artístico frontis do altar e do retábulo ten unha repisa corrida de granito, que arranca dos capiteis do arco toral entrecortada por baixantes a xeito de arranques doutros arcos.

A de Santandrea acaba de ser restaurada na totalidade coa axuda da Deputación de Lugo e coa aportación dos veciños. Nas súas inmediacións atópase a casa do Pacio.

El Progreso, Sábado 6 xuño 1987

Restauración de igrexas románicas no Páramo

O patrimonio artístico do Axuntamento do Páramo non é abondoso certamente pero, nas proximidades do antigo Camiño Francés, que cruza as terras de Paradela, atópanse tres igrexas románicas merecentes de atención: San Xoán de Friolfe, a do Salvador de Vileiriz e San Esteban de Grallás. Pensamos que o bispado e a Corporación Municipal deberían solicitar que os organismos oficiais as declararan monumentos artísticos.

Sabedor do labor de restauración que derradeiramente se fixo nas devanditas igrexas, falamos cos párrocos das dúas primeiras que nos informaron *in situ* dos traballos feitos e dos proxectos para o futuro.

Denantes, sen embargo, de publicar esta reseña, contactei co ilustre don Amador López Valcárcel, que recolleu no libro "Obispado de Lugo, Estadística diocesana 1968" unha extensa relación de riqueza artística e documental das igrexas e mosteiros da diócese.

É interesantísimo o labor de López Valcárcel que, seguindo o traballo de pescuda histórico-arqueolóxico de Francisco Vázquez Saco, inda que baixo outro punto de vista, está a facer un inventario gráfico de tódolos bens diocesáns "para —dinos— conseguir unha infraestrutura elemental de datos para futuros investigadores, que poderán actuar en virtude de acordos Iglesia-Estado e a nivel autonómico en prol da conservación do patrimonio artístico".

Igrexa do Salvador, de Vileiriz

Eladio López Otero, dende hai 22 anos, é párroco de Santa Marina de Adai e da filial de Vileiriz. A igrexa de Santa Marina, só ten de interés un retábulo barroco do século XVII e, feito non demasiado corrente, escaleires exteriores adosadas á fábrica do templo para subir ó campanario. A rectoral é ampla pero o muro sur amenaza ruina. Don Eladio fálanos da próxima restauración e atende solícito o noso desexo de visitar a igrexa do Salvador.

O templo, que se atopa a tres kilómetros, conserva integramente a súa feitura románica agás a espadaña e a sancristía. As xoias máis apreciadas son unha Virxe do século XIII, reprodución da Virxen dos Ollos Grandes da Catedral de Lugo, segundo informe técnico que se fixo en Santiago, e outra sedente da mesma época. Ambas dúas están gardadas en casas particulares da parroquia para maior seguridade.

Foi grande o labor de restauración levado a cabo polo activo crego para desencalcar a igrexa que, hoxe, preséntase á admiración dos visitantes con fermosura de cantería labrada artisticamente e co altar maior separado do ábside tal cual estaba orixinalmente antes do Concilio Tridentino.

Don Eladio opina que a igrexa do Salvador, na Idade Media, puido ser a cápela dunha nobre familia pero, por máis que esculcou, non atopou documentación anterior ó século dezasete para confirmar a súa idea.

San Xoán de Friolfe

Na igrexa de San Xoán de Friolfe apreciase a influencia da Ruta Xacobeá

Hai anos, visitara a igrexa de San Xoán de Friolfe e a miña impresión fora desangante. Naquela ocasión o párroco, Xosé Liz Trebolle, manifestárame o anxeio de restaurala e, hoxe, aquel anxeio case é unha realidade. El, coa colaboración dos feligreses, encetou os traballos de limpeza do cal das paredes e atopouse coa sorpresa de descubrir ventanas saeteiras cegadas e artísticas decoracións arquitectónicas.

Gracias á afervoadada colaboración do delegado de Cultura da Xunta de Galicia, Adolfo de Abel Vilela, a igrexa foi lousada e fíxoselle un teito novo. Don Xosé tamén conseguiu do Ministerio da Vivenda un anticipo de 500.000 pesetas, a devolver sen interés en dez anos, para afundir uns 60 centímetros o chan do corpo románico da igrexa ata o nivel primitivo. Coa excavación, ó longo dos lenzos laterais ficaron ó descuberto zócalos antes soterrados que servían de asento e fíxose o novo piso con pezas de granito traídas do cementerio vello de Chantada. O altar do lateral esquerdo trasladouse ó presbiterio no segundo corpo do templo, construído sobre recheo o ano 1800.

Na actualidade, o crego restaurador, como o calificou a Prensa, está a rebaixar o recheo exterior da porta norte donde xa podemos admirar as basas dos fustes ornamentados con motivos xeométricos e de animais.

Influencia da Ruta Xacobeá

A igrexa do Salvador puido ser a capela dunha nobre familia

O frontis de San Xoán de Friolfe presenta arco de medio punto formado por dúas arquivoltas baquetonadas con escocias e bolas e están bordeadas por unha cenefa de billetes. Tres dos capiteis mostran ornamentación vexetal e bolas e, o da dereita, dous animais afrontados (unha soa cabeza). O tímpano é bilobulado e presenta tres cruces de Malta. A central ten un círculo superposto e un relieve cruciforme de semicírculos unidos polos extremos. Na porta de entrada, dividida en cuarteróns, hai relieves de vieiras, estrelas, cruces de Santiago e rombos o cal demostra a influencia da Ruta Xacobeá que transcurre a poucos kilómetros do lugar.

Hai que suliñar, ademais, a importancia da pía bautismal, os tres retabillos e o incensario de prata repuxada do século XVIII.

Afortunadamente xa se pode afirmar que recuperamos, case na totalidade unha xoia arquitectónica gracias ó esforzo do párroco de San Xoán de Friolfe, dos seus feligreses e ás aportacións oficiais que, segundo nos dixo Adolfo de Abel Vilela, seguirán ata o remate da súa total restauración.

El Progreso, SÁBADO 7 de Xuño de 1986

Santa María Magdalena de Neira (Páramo)

A casa-torre de Neira de O Páramo tivo unha importancia político-social moi grande no territorio da antiga Xurisdicción de Portomarín, debido ó estado de nobreza e ós cargos, que ostentaban os seus señores —alcaldes maiores, xuíces— que gozaban de tódolos dereitos e prerrogativas propias dun Estado nobre. Hai fidalgos notorios de sangue, de bélico-aureolis, de bragueta... Os de Neira estaban no escalón superior. Eran fidalgos notorios de sangue, de armas poñer e pintar.



Casa de Neira (O Páramo)

Segundo lemos nun Padrón de Fidalguía de 1702 (os padróns chamados de "a calleita" confeccionábanse cada sete anos) no Páramo había os seguintes fidalgos por este orden: Na casa torre de Neira, D. Francisco Alonso de Páramo e Somoza, e

don Pedro de Balboa, da casa de Trebolle, casado coa súa sobriña; o morador da casa de San Xuliao, don Pedro de Páramo Montenegro, e o seu xenro don Antonio de Yebra Teijeiro; o da casa de Quintela de Piñeiro, don Antonio de Quiroga, e o seu fillo don Xoán Quiroga; o señor da casa de Barreira, don Lorenzo Sarmiento; o dono da casa de Trebolle, don Xoán Alonso de Armesto, e don Gregorio Pardo; o morador da casa de Castro de Santa Comba, don Xoán Díaz de Páramo; e don Roque Saco de Quiroga, de casa de Mámoa. "Ditas casas —di o Padrón devandito— que van señaladas, sus padres, abuelos y demás ascendientes, son y fueron hidalgos notorios de sangre sin que jamás fuesen pecheros".

Os señores de Neira, como os de Trebolle, tiñan xurisdicción civil e criminal. As casas de Trebolle, A Barreira, San Xuliao e a de Castro de Santa Comba desapareceron, A de Piñeiro e a de A Mámoa conservan parte da edificación antiga, non a xeneracional.

D. Octavio, actual propietario da casa de Neira afirma que esta foi edificada no 1498. O documento máis antigo que posúe é do 1501 en el menciónase o capitán Pedro Díaz de Páramo, servidor dos Reis Católicos en distintos feitos de armas. El foi señor de Neira e da Torre de Piñeiro, vello solar dos Díaz de Páramo, e do pazo-torre de Cerceda, no concello de O Corgo. O capitán Pedro Díaz del Páramo naceu no 1463 e faleceu na torre de Piñeiro no ano 1515. Este señor está enterrado no presbiterio da igrexa de dita parroquia.

Entre os personaxes destacados da linaxe de Neira cabe mencionar a don Manuel María Quiroga e Páramo, alcalde maior de Portomarín e de Lugo, por nobreza; os seus fillos don Xosé Quiroga e Porras, capitán da Garda Real e don Rodrigo, catedrático da Universidade de Santiago; e don Xoán Bautista Quiroga

Páramo e Porras, cabaleiro da Real Maestranza de Sevilla, que derrubou a torre por amenazar ruinas. El foi o derradeiro señor que se enterrou na capela da casa de Neira.

O señor de casa de Neira confirma con documentos canto fala dos seus antergos. Nun voluminoso testamento documental, a instancias do señor don Manuel M^a Quiroga e Páramo, presentado no Real Tribunal para pedir a Misión en posesión dos bens pertencentes ós vínculos e maiorazgos, figuran as cuantiosas posesións e as rentas percibidas polos señores de Neira en numerosas parroquias. Menciónase a torre, que aínda non se demolera, o coto e os dereitos de presentación: "ítem digo: Son presentación de dicha mi casa y torre in solidum el beneficio curado de Santa M^a Magdalena de Neyra y lo mismo el beneficio de San Ciprián de Villasante y lo mismo es presentación de dicha casa el beneficio curado de Santa Eufemia de Villarmosteiro, la cual es alternativa con Doña Manuela de Sangro y Páramo en virtud de concordia que en transacción de ello se ha hecho por los antecesores que han sido en dichas casas de Neyra y los antecesores de Doña Manuela".

Don Octavio Cancio-Donlebún herdou Santa María Magdalena de Neira da súa avoa, doña Concepción García-Armero e Quiroga, esposa de don Octavio Cancio-Donlebún e Cuervo, da casa-palacio de Casariego, en Tapia, Asturias. A fidalguía venlle, logo, por Asturias e Galicia. No libro "Blasonería de la Consanguineidad Ibérica (1980), publicado polo Instituto Salazar y Castro (C. S. I. C), na páxina 10 lemos que don Octavio Cancio é o señor do pazo (sic) de Santa María Magdalena de Neira, e, na páxina 25, que "la nobleza de los Cancio-Donlebún está

amparada por certificaciones antiguas extendidas por cronistas Reyes de Armas y atribuida especialmente a sus líneas".

Entre os seus antepasados destaca o almirante D. Gonzalo de Cancio, capitán xeral e gobernador de La Florida (EE. UU.), casado con doña Magdalena de Luaces e Miranda. El foi o introductor do millo en Asturias e nas posesións que tiña a súa dona en Mondoñedo, a finais do século XVII.

No Páramo, a non ser a casa de Neira, xa non queda ningunha descendencia directa de fidalguia. As propiedades pasaron a mans de foreiros, aparceiros e criados. O trasladarse a fidalguia á cidade, o cal empezou a darse no século XVII, os señores aforaron ou venderon para soste o seu estado de fidalguia, o cal motivou a súa erradicación do campo. A redención dos foros foi unha das causas polas que os labradores se convertiron en propietarios.

"A práctica desaparición da fidalguia —dinos don Octavio Cancio-Donlebún e Vázquez— ocasionouna o propio señor absentista, que deixou os bens en mans de administradores e foise a vivir máis cómodamente ás cidades. Iso —engade— deuse máis no norte ca no sur de España e tal foi a razón da case desaparición da nobreza no medio rural en Galicia. A fidalguia acabouse. Os vellos documentos son un recordo de familia soamente.

Xenealoxía da Casa de Neira

Segundo documentación facilitada polo actual dono de Santa María Magdalena de Neira, Octavio Cancio-Donlebún, herdou a devandita casa da súa avoa paterna, Concepción Garía-Armero e Quiroga, casada con Octavio Cancio-

Donlebún e Cuervo Belderrain, pertencente a unha das máis nobres familias do Principado.

Concepción García-Armero e Quiroga foi filla de do licenciado Nicandro García-Armero e Taboada e de Concepción Quiroga Pallín Porras e Temes, señora de casa-torre de Neira, do pazo A Pereira, en San Cristóbal de Cervela, de Soutomerille e outros. Este Nicandro García-Armero e Taboada era fillo único do licenciado Francisco García de Luxín Armero e de Dolores Taboada e Quiroga, o neto polo pai de Xosé García de Luxín e Valle e de Margarita Armero e Miranda, filla de Luis Manuel Armero e de Benita de Miranda, quen, ademais de Margarita, tiveron, entre outros, a Manuel Silvestre Armero, rexidor perpetuo de Noia onde tivo casa e bens e o patronato de A Atalaia. Foi membro do Tribunal Supremo de Facenda e Cabaleiro de Carlos III e pai do Mariscal de Campo Luis Armero, cabaleiro da Real e Militar Orde de San Xerónimo, senador e deputado a Cortes, secretario de S. M. con exercicio de Decreto, inspector de carabineros. Luis Armero morreu sen sucesión, pasando ó seu curman, Francisco García de Luxín e Armero, a única representación do apelido Armero en Galicia. Pola mai, Nicandro García-Armero era neto de Xosé Taboada e Ulloa, señor do coto e xurisdicción de Froufe e do pazo das Castañas e outros en Amoeiro, Ourense. Foi coro, nel dos Reais Exércitos e gobernador do castelo de Santa Cruz de A Coruña. A súa avoa era Xoaquina Quiroga e Arias Enríquez, filla de esta señora de Xosé Fernando Quiroga e Vivero, señor da Casa Grande de A Póboa de San Xuliao e dos cotos de San Mamede e Sopeña, e da súa lexítima muller Manuela Arias Enríquez, da casa de Masid de Ferreira de Pontón, señores que foron de dita Casa Grande da Póboa de San Xuliao.

Concepción Quiroga Pallín Porras Temes e Losada, dona da casatorre de Neira e outras, era filla do Cabaleiro Maestrante de Sevilla, Xoán Bautista Quiroga Porras Temes e Losada, señor da casa-torre e coto de Neira, do pazo de Bomás, de Santa María de Melias, en Ourense, e da torre de San Salvador de Piñeiro (Páramo) e de San Pedro de Cerceda (O Corgo), e da súa lexítima muller Francisca Xaviera Pallín de Barrera Valcárcel, dona e señora do pazo de A Pereira, en San Cristóbal da Ceruela, do coto de Soutomerille, entre outros, filla de Manuel Pallín Zapata Balcárcel Pardo e Ulloa, señor desta casa, e da súa lexítima muller Xosefa Santiso e Villaver.

Xoán Bautista Quiroga Porras Temes era fillo de Manuel María Quiroga Páramo Pardo Ulloa e Sotomayor, señor da casa e coto de Neira e das torres de San Pedro de Cerceda e de San Salvador de Piñeiro, e da súa muller Xosefa de Porras, Temes Losada e Pardo Rivadeira, dona a señora do pazo de Bouzas e do coto e xurisdicción de Boucido, as cales casas herdou, por morte sen sucesión, do seu irmán Xosé María de Parras Temes e Losada. Era filla de Pedro Vicente de Porras e Temes, señor destas casas, e de María Xoana Pardo de Rivadeira, filla de Xosé Pardo de Rivadeira e de Bernarda de Saavedra, señores da torre de Balmonte e da xurisdicción de Xustás, Boucido e da casa de Fontelaxes, neto, polo pai, de Gaspar de Porras e Losada, señor do Pazo de Bouzas, e de María Antonia de Temes Mosquera e Baamonde, da casa e fortaleza de Vilaseco, en Ourense.

Manuel María Quiroga Páramo Pardo Ulloa Sotomayor, señor do coto e xurisdicción de Neira, era fillo de Antonio Romualdo Quiroga Páramo Teixeira e Montenegro, señor desta casa, e da súa lexítima muller Xoana Xosefa Pardo Ulloa Sotomayor e Andrade, filla de Pedro Pardo Rivadeira, señor do coto de Vilar de

Sancha Rodríguez, parroquia de San Xuliao de Oulol, en Guntín, e de Isabel Pardo Sotomayor e Andrade e esta Isabel, filla de Antonio Sotomayor e Andrade e de Inés Pardo das Seixas, señores do Coto e xurisdicción de Carteira e da fortaleza da Pena da Merla.

Antonio Romualdo Quiroga Páramo Teixeira e Montenegro, señor da casa de Neira, Cerceda e Piñeiro, era fillo de Diego Francisco Quiroga e Páramo, señor da torre de San Pedro de Cerceda, e O Corgo, e de Magdalena Teixeira Montenegro e Páramo, dona da casa-torre de Neira, e prima do seu marido Diego Francisco Quiroga, fillo de Alonso Díaz de Guitián e Quiroga e de María Díaz de Freixo e Montenegro e neto do capitán Alonso Díaz de Guitián e Quiroga e de Catalina de Armesto, os cales tiveron, ademais, a Isabel de Quiroga; casada co capitán D. Antonio Valcárcel, primoxénito da casa de Lusío, en Samos.

Foi María Magdalena Teixeira Montenegro e Páramo e os seus irmáns Francisco e Dolores, filla de Pedro de Balboa Armesto, sobriño do señor do coto de Trebolle e da súa muller Inés Teixeira e Montenegro. A citada María Magdalena Teixeira herdou os vínculos e maiorazgos da casatorre de Neira por cesión que lle fixo o seu tío Francisco Alonso de Páramo e Somoza, mayorazgo desta casa, ó facerse crego por quedar viudo e sen sucesión da súa muller María Feixoo, pois era Francisco Alonso irmán de Inés, nai de María Magdalena.

Francisco Alonso de Páramo e Somoza era fillo de Alonso Díaz de Páramo e Guitián e de María Teixeira e Montenegro, filla esta señora de Alonso Teixeira e Montenegro de de Catalina da casa de Córneas, feligresía de Santiago da Meda.

Alonso foi fillo de Rodrigoo Díaz de Páramo, señor da casatorre de Neira e de Piñeiro, en O Páramo, e de Inés Alvarez Guitián e Somoza.

E Rodrigo era fillo de Xosé Díaz de Páramo e este foino de Pedro Díaz de Páramo, "O Novo", fillo do capitán Pedro Díaz de Páramo.

El Progreso, mércores, 25 de maio de 1988

Gumersindo A. Rodríguez Liz, alcalde de Páramo

"O meu afán e servir, non facer carreira política"

Co gallo da décima celebración das Feiras e Festas de Primavera do Páramo, falamos co alcalde, Gumersindo Antonio Rodríguez Liz, para pedirlle que nos resuma as realizacións que se levan feito naquel Axuntamento durante o breve período do seu mandato. Ademais, consideramos de gran interés escoitar do xoven rexidor cales son, de cara o futuro, os proxectos do Concello que él preside.

—O ano oitenta e catro —dinos— as inversións realizadas ascenderon a 63 millóns de pesetas, cantidade moi superior á media de anteriores anos debido a que se fixeron diversas obras, fundamentalmente de plans provinciais, que encontramos pendentes de realización.

Cun presuposto municipal de 13.500.000 pesetas, certamente, non se podían facer milagres; pero a capacidade de xestión de Rodríguez Liz, que acudiu ás fontes de financiación —plans provinciais atrasados e aportación de IRYDA para melloras de Ordenación Rural— foi o motor de importantes logros como as carreteras Trebolle-Pacios de Paradela, Piqueiro-Pacios de Saa, a de Grallás, e a de Piñeiro, entre outras, así como a terminación da Casa do Médico, a electrificación de San Vicente, etcétera. O ano 85, —sen embargo, descendeu a inversión por causa de burocracia administrativa.

—A razón —afirma o Sindo, como se lle coñece popularmente— é que nos vimos na obriga de aportar un trescentos por cen ó plan provincial para o cal tivemos que recurrir ó crédito bancario. Tal foi o motivo do atraso das obras

programadas, adxudicadas xa a Construcción Maseda: ampliación e mellora da ponte de Ribas de Miño, asfaltado das pistas de San Vicente, e de Caseto e a de OuteiroLagoa.

O gran éxito do alcalde do Páramo débese a que, baixo a súa persoal dirección e supervisión, fai partícipes ós vecinos nas obras que están a beneficiar a tódolos lugares do municipio.



Gumersindo Antonio Rodríguez Liz foi Alcalde do Páramo

—O meu plan fundamental de traballo —maniféstanos— é aproveitar ó máximo os cativos canles económicos e técnicos con que podemos contar na Administración para, logo, coa aportación afervoadada dos veciños, multiplicar o volume de obra cun custo menor.

Aparte de seguir na liña de mellorar e crear vías de comunicación, Rodríguez Liz pretende levar a cabo realización tales como a traída de augas ó Campo da

Feira, para o cal xa se entregou o anteproxecto á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas; un Centro de Saúde para o que se cederon os terreos e redactouse o conseguinte proxecto a petición da Consellería de Sanidade e Seguridade Social; e unha agrupación escolar de oito unidades, pendentes de aprobación dos presupostos da Xunta para este ano.

Outros proxectos a realizar no Páramo, a través da Diputación, son o alquitranado da carretera San Mamede-Santa Andrea, a ponte sobre o río Miño e sete refuxios para paradas de transporte escolar. O alcalde do Páramo lamenta que o Concello non fora consultado en determinados aspectos e manifesta:

—Esperamos e desexamos que entre nós e as institucións xurda unha colaboración cada vez maior para beneficio do noso pobo.

A marxinación política frena moitas iniciativas

Pasamos, da conversa informativa e de proxectos cara o futuro, ás preguntas coloquiais, anecdóticas unhas, de bos propósitos outras, e mesmo de intención política, respostadas con certo reparo.

—Durante o teu mandato ¿presentáronchese moitos atrancos na túa xestión?

—O máis difícil de resolver foi evitar unha expropiación no lugar de Paredes, na carretera Piqueiro-Pacios, parada moitos anos pola oposición dun veciño. Despois de moitas xuntanzas cos enfrentados, solucionouse o problema repartindo a carga e o pobo quedou servido. Foi un caso tan difícil que incluso pensei moi seriamente na posibilidade de dimitir. Son contrario ás expropiacións, sen embargo non dudaría en chegar a tal extremo en casos de necesidade.

—Os veciños ¿interésanse pola temática do municipio?

—Preocúpanse moito, certamente, e colaboran con prestación persoal sen ningunha clase de dúbida. Non son esixentes debido a que saben que non atopamos facilidades para ese despegue tan necesario que, desafortunadamente, aínda non se pode ofrecer. Os problemas coa nosa xente, que tamén os hai, quedan reducidos á mínima expresión. Prácticamente non se dan.

—¿Qué lle ofrecedes á xuventude?

—Todo o que agora mesmo estamos a ofertarlle é un campo de fútbol municipal. No Páramo hai un importante número de estudantes polo que considero primordial crear unha biblioteca. Eu aproveito esta ocasión para pedirlle ós nosos rapaces que aporten ideas que realizaremos de acordo coas nosas posibilidades. Na actualidade, a emigración é case nula e somos conscientes de que se debe percurar solucións para que os novos desenvolvan social e economicamente o seu porvir no medio onde naceron.

—O Patrimonio histórico cultural ¿é importante?

—Neste eido temos pouco que contar quizais porque quedamos un pouco á marxe do Camino de Santiago. A pesar diso, hai igrexas románicas en Grallás, Vileiriz e Friolfe. Por certo que a de San Xoán de Friolfe está recuperando a súa importancia arquitectónica gracias ó párroco, que está a facer unha gran labor de restauración do templo coa axuda dos feligreses. O Concello ten o propósito de cooperar tamén coa parroquia de Friolfe para acadar dos organismos competentes os medios necesarios para levar a termo tan importante iniciativa de don Xosé Liz Trebolle.

Eleccións

—¿Qué beneficio reportan os repetidores de TV?

—O de televisión española ningún porque instalouse cando o monte era considerado municipal. O de RTVG, sen embargo, polo feito de que o monte agora volveu a ser comunal, beneficiou á parroquia de Friolfe que percibiu 300.000 pesetas pola instalación.

Tamén se beneficiaría coa próxima edificación dunha torre de comunicación instalada por FENOSA que, a cambio, comprométese a reelectrificar a parroquia.

Nestes casos, o Concello o único que fai é conceder a licencia de obra.

—Estamos en época de eleccións. No Páramo fálase de marxinação política.

¿Qué hai de certo?

—Nese tema tería moito que decir pero non quero entrar nel para non entoldar o ambiente festeiro que estamos a vivir estes días. Só che direi que a marxinação política frena moitas iniciativas.

—Remato, logo. Teño oído moitas veces que a política non é o teu forte.

—Eu aceptei presentarme ás eleccións para traballar polo meu pobo. O meu afán é máis servir que facer carreira política.

El Progreso, SÁBADO, 7 de Xuño de 1986

Lembranzas de Elvira López

Se vou falar da miña vida teño moito que contar. Cumprín noventa anos en xullo, pero non lembro o ano en que nacín. Teño tres anos do século pasado. Iso seino. ¿Invítareino cando chegue ós cen? ¿E vostede darme algo para facer a festa, logo, ouh? Ben. Que veña á festa miña, pois; pero eu non podo chegar ós cen porque lle tiven moitas enfermidades moi malas e de moita dura. Non sei como lle vivo neste mundo xa. Tiven pulmonía dobre, bronconeumonía, pleurite e outra que non sei que puido ser. Fora a Portomarín co Antolín e a Sara. Despois leváronme a Lugo a estivemos nuns festixolos, comemos e bebemos ben. Cheguei á casa tan saniña coma sempre e ó pouco devolvín por riba e por baixo a pracer e barréuseme o sentido. Cando me levaron ó médico seica lles dixo: ¿e a que traen esta muller que xa está morta? Estiven vintecatro días na residencia de Lugo e salvei. Agradaríame estar coma un touro, si, pero teño desviación de columna e cando me acomete a asma...

Eu nacín en Seoane e casei co Xosé o 11 de febreiro de 1918. O Eduardo de Caseiros de A Ciguñeira pretendía casar comigo pero quería cortexar á miña mamá antes cá min e traíalle rosquillas. Era moi bo rapaz pero eu estaba polo Xosé, que me empezou a faluscar cando tiña dezaseis anos. Eramos primos e había uns meses que chegara de México. Unha veciña non o deixaba de man, mais el deu en vir pola casa e foise quedando. Mire, unha vez fun apañar a vianda ó pan e aparecéuseme el no medio da leira. ¿E ti díxome como vés apañar descalza e con esta calor? Hai que lle dar á facenda e descalceime porque me mancan as zocas, contesteille. Vouche

axudar, respondeu. E así o fíxo e apañámo-la vianda pero despois, claro, quixo rebeirar comigo e deille un garapaldo —eu tiña moita forza— e tireino de costas. "Ti é-lo demo", berrou. E contesteille: claro que o son pero máis demo es ti que buscas o que non debes. Aquel día non conseguiu nada ¡ca! máis adiante, por fin, deime caído, mais deume palabra de casar comigo e casouse. Era un bendito. Pasei moitos traballos a seu carón pero non o sentín.



Elvira López

Antes de chegarmos a esta casa, a casa do Lebre de Rodriz, vivimos na do Casiñas, antiga casa da Euxenia, o dono da cal marchou a Buenos Aires e vendeulla ó Francisco, que lle emprestara os cartos para embarcar. Alí foi onde empezámo-la

nosa vida. Unha historia. Tanto el coma eu eramos de casa de labradores pero non nos axudaron en nada xa que pensaban que el trouguera moitos pesos. Non era tal. Compramos unha potiña, faciamos uns cachelos encima de tres pedriñas, comiamos caldo, uns ovos batanados con viño e zucre, sardiñas con pan, touciño ou pan mollado en viño, que lle chamabamos "burras cansas". O meu home sabía ben de contas e de letra e poñía leccións ós nenos, pois daquela só había escola en Trebolle. En pago dábanlle un ferrado de pan e, con algo de negocio que puxemos, íamos tirando. Cantas veces camiñou el ata Sarria para volver cun garrafón de dezaseis litros de aguardente ó lombo.

O matrimonio foime moi ben. ¿Por que tivemos nove fillos? Porque nos queriamos. Tiñamos moito traballo e, unha vez feito, ¿en que nos habiamos invertir? Claro, claro, je, je.

Vendíamos de todo. Tiñamos almacén de centeo e fariña, viño de Barco de Valdeorras que viña en tren, sal, aceite, gas... Ganábase moi pouco e nos non mirábamos a cobrar moito para ter máis clientes que nos foran dando.

No campo da feira había cinco reas de pendellos e agora déixanos caer

O día de feira viña moita xente de fóra. Era un feirón. Hoxe non é feira. Había cinco reas de pendellos de arriba a abaixo do campo e agora déixanos caer. ¿Que opino diso? ¿E que me parecería se agora me caerá enriba esta casa? Débense recuperar. Neles había tendas de tecidos, toda clase de ferramentas, produtos do campo e incluso consultaba alí o médico don Maximino. Había de todo. O Xosé de Bacariza, que era un gran ferreiro, ferraba as mulas, que viñan con grandes fardos,

pois daquela non había coches. Vendíanse culeiros, megos e cestas feitas de costelas de carballo para as castañas, que abundaban moito e comíanse de moitas maneiras: con leite, asadas, con caldiño. Cocidas coa casca —chamabámoslles mamados— qué ben sabían. Tamén se vendían xugos, carros, arados, zocos, paraugas, rosarios, toda clase de quincalladas e cerámica que os tratantes traían de fóra, pos, que eu saiba, no Páramo nunca houbo alfareiros. Houbo moitas outras clases de artesáns, iso si un cesteiro bo era o da casa de Caloto, de Castro. O Anxel de Seoane facía, catro pares de zocos no día. O Pepe de Casiñas, fillo do Francisco, facía candiles de gas e linternas. O Ramiro da Feira e o Victorino da Euloxia eran grandes zapateiros. O Pepe da cantina de Goián, que inda vive, era o mellor carpinteiro que se coñecía, e o señor Ramón da Rosario, de San Xuliao, era un ebanista famoso moitas leguas á redonda. Morreu xa canto tempo hai. A súa muller, Rosario, era costureira. Tamén había bos xastres: o Xosé de Bande de A Ciguñeira traía con el catro oficiais, e o Pepe da Delfina tiña un taller en Santa Comba. A Dombina, miña filla, chegou a ter dez oficiais. Cosía moitísimo e tina moi bos clientes.

Sempre tiña moi bo humor. Tanto bailaba o solto coma o agarrado

Nesta casa estiveron traballando seis canteiros, catro carpinteiros de aquí, catro portugueses serrando madeira e catro homes que cortaban pedra. Levounos nove meses rematala. Os canteiros de Pontevedra eran moi traballadores. Levantábanse ó rompe-lo día e traballaban ata a noite. Eu xa tiña cinco nenos e atendía a todo. Preparaba caldo de castañas cunha presiña de fariña para que non fora bravo, carne, patacas con bacallao, chulas e outras pistadas e qué contentos

estaban comigo. Comían a fartar. E eu soíña para atender a tanta xente. Os familiares e tódolos vecinos nos axudaron moito. Nunha ocasión chegaron oito homes máis cun carrete de pedra e así que lles dei de cear a todos e freguei os meus cacharriños aínda quitei a bailar ó Xosé de Moreiras, pai desta rapaza, Inés que veu de vacacións e moita compañía nos fai agora que estamos soas a Obdulia e máis eu. Sempre tiña moi bo humor e era moi boa bailarina de xotas, muiñeiras, pasodobres e mazurcas. Tanto bailaba o solto coma o agarrado. O Soán de Vileiriz, o Ramón de Quintela e o Manuel do Campo, de Vilasante, que eran uns artistas, sempre me escollían a min de parella. Tamén xoguei moito á brisca e ó tute ¿quere que botemos unha partida agora, ouh? Ben. Outro día, logo. Conto que volva con máis vagar.

Postos xa na casa nova, seguimos co negocio, dabamos comidas e collemos pensionistas ¿Se fixemos pesos co estraperlo? Nada diso, caraina. Aquí o que sobraba non se podía tocar. Había que reservalo, e o que nos deixaban a nós moita falta nos facía. Corrérase que o Taboada botáballe sal ó sucre e nadie llo quería. Quedaba todo para él. Nosoutros nunca nos aproveitamos de ninguén. Lembro que unha señora de Courel pedíume que lle enchera ben a botella de aceite. Adverinlle que lle podía estoupar. Púxolle o tape e ¡plas! Moito chorou. Mire que facíamos nos: démoslle outra. En cambio un día entereime de que viñeran garbanzos á tenda do Caseto e collín un saquetiño e fun cabo de don Emiliano para que me dera a miña ración e negoume que houberan vido. ¿Quen cho dixo?, preguntoume. E respondín: eu dígolle que os hai e téñolle moita necesidade. Non llos dera a ninguén pero a min deumos, mais, polo camiño, tiven a mala sorte de escordar un pe e ciscáronseme todos. Gracias que me axudaron a recollelos os nenos que viñan da escola. Tiven

que deixa-lo saquete na casa do Nicanor de Abaixo e, logo, foi por él o Xosé. Eu tiña tales dores que pensei morrer.

Se non fora polo subsidio a metade dos vellos estarían en asilos

¿Que pensionistas pararon con nós? Moitos mestres, un secretario do Axuntamento, cregos e moita xente de fóra porque todos nos querían ben. Parecía coma se estiveran desexando que nós medraramos. Eu coñecía ó Paco da casa da Conda, de Mundín, que viña moito por aquí. El foi o compositor daquela canción tan famosa que di: "Mirando al mar soñé que estabas junto a mí...". Na nosa casa xantaban os cregos cando había un enterro ou un cabodano na parroquia. Aquí parou un mestre ó que lle queríamos coma se fora da familia. Recomendáramo don Xervasio, mestre de Vilarmosteiro. Tamén tivemos con nós un cura de Súa, Xosé Taboada, nativo de Lalín, que era un santo. Foise para Arxentina por causa das críticas da xente. Apoñíanlle que andaba con rapazas e non había tal cousa. Hai pouco que me veu visitar. Agora está en Pontevedra. ¿Por que será que hai xente ruín? Porque sonlle de mala índole. O que non ten, porque non ten; e o que ten, porque aínda quere o pouco que teñen os outros. ¿Entende? Hai quen, se puidese abranguelo todo, facíao. Agora a xente é moi avarenta. Antes había máis corazón para a pobreza. Na miña mocidade nadie ía a traballar por cartos. Dábaselles un culeiro de patacas, un pan cocido, deixábaselles unha leira... Hoxe non hai pobreza porque hai subsidios. Por iso temos máis soberbia. Agora os pobres non teñen mester dos ricos e os ricos, cos aveños que teñen, fan o traballo e non precisan dos pobres. A xente antes era máis agradecida. Conversabamos uns cos outros. Agora

cada un vai ó seu. O subsidio foi un adianto dos máis grandes que puido haber. Acabou coa pobreza. Se non fora polo subsidio a metade dos vellos estarían en asilos.

¿Por que non hei crer nas bruxas?

¿Se creo nas bruxas? Estaas norneando; logo hainas. ¿E por que non hei crer eu nelas? Nunca as vin. Cando era nova, un cura de Súa, don Pedro, deixou o misal aberto porque seica é unha das maneiras de descubrilas. As bruxas, sen decatarse, saen da igrexa moito atrás dos demais feligreses. Dúas tolleitas, tía e sobrina, éranos. Pero boa a fixo: o coitado acabou tolleito de todo. Tamén o meu papá contaba que unha vez que foi cun amigo ás mozas a Vilambrán, á volta, perdéronse por charqueiros e non acertaban co camiño. Non volveron nunca mais aló. Sen sabelo estiveran con dúas bruxas. Outro caso que teño oído ducias de veces é o do Margarito. El chufábase de moi valente e un día que foi a un enterro a Pallares, onde seica había moitas bruxas, díxolle ó Manuel de Vigo do Fondo que non cría en trapalladas e que non lles tiña medo. Non tiña, non. Vindo de Cerceda trabucouse de carreiro e colleu cara o río Neira. "Nunca pensei na vida —contaba— que fora a andar toda a noite arrastro polas silveiras e pola beira do río nadando en auga por causa das bruxas".

¿Agora pídemme que lle conte contos de mouros? Seica viviron en Moscán, na Regueira, en Santa Comba e en Neira. Claro que teño oído falar dos mouros. Cando estaban no castro de Santa Comba cóntase que quixeron garda-los cabalos na casa da Besuga pero ela non llos quixo e, entón, leváronos á do Rolo e seguiron cara

Santa Comba onde os enemigos acometéronos e matáronos. O Rolo quedou abraiado cando viu que, amais dos cabalos, deixaran unha ola chea de ouro. ¿Que sei eu que farían eos cartos? Gardaríanos ben gardados.

Ós once anos amasei por primeira vez o pan e xa me puxeron a facelo traballo todo

A casa onde nacín era unha propiedade boa; pero o papá tiña que pagar dezanove fanegas de renta, un cocho cebado e dous capóns ós señores de Súa, ó de Castro de Neira e a outros que non se me acordan. Cando se redimiron aquelas rentas andaría eu polos sete anos. O meu irmán era un lacazán perdido. Ós once, amasei por primeira vez o pan e xa me puxeron a facelo taballo todo. Non había quen lle axudara ó meu papá e por iso ían mal as cousas. Na nosa casa, a do Largo de Seoane, acordo unha capela e un San Xoán que ten pronto escapaba para Cela como volvía á nosa casa. Desque lle tiveron festa parou en Cela. A nosa capela onde vai que se esborrallou.

Lembranzas da miña infancia teño moitas. En Seoane había un toliño que tiña dúas fillas e deulle por dicir que unha delas non era filla propia del e colleu a teima de mata-la muller. Unha vez que había unha gran torada de neve, marchouse da casa en coiros berrando por uns regos de auga adiante: ¡Ven, Lázaro! ¡Lázaro, ven! ¡Ven Lázaro! ¡Lázaro Lévame! O meu papá tivo que prendelo cunha corda e meteuno no tendal. Xosé, céibame, pedíalle. Non, porque queres mata-la túa muller. E o tolo díxolle: Vouche morrer. Agora é cando estás poñéndote ben, contestoulle o meu pai. E o coitado engadiu: Cando morra heiche dalo meu reló. Mellor aínda,

cólleo agora que despois, se cadra, xa non cho podo dar. E regaloullo. O tolo de Seoane quería-me ben. Á filla que el consideraba súa e a min sentábanos nos xionllos e cantaba: "Te tengo te tengo te tengo de hacer un vestido nuevo para te poner, cortito de alante, larguito de atrás, con cuatro volantes y olé que te vas". Houbo outro tolo, en Vilarmosteiro. Aquel adicábase a mercar bois. Ofrecíalle moito ós labradores e decíalles: Xa os virei buscar. ¿Como os había ir buscar?; Era o Manuel de Mundín.

Agora non hai lobos; pero téñolle oído ó meu papá que cando el era rapaz habíaos. El criouse na casa duns tíos porque quedara orfo e mentres foi menor de idade a casa estivo ó cargo duns caseiros. Sucedeu que fora ó muiño con molaxe e na Ciguñeira saíronlle os lobos no monte Portoburato. Decatouse cando a mula empezou a bufar e agarrouse forte ás rendas. A caballería botouse a trotar e ó chegar á casa petou na porta coas ferraxes. ¡Saíronlle os lobos ó pequeno!, berrou a tía. Contaba o papá que e lle agarrotaron os dedos das mans e que quedara sen fala, tanto medo pasou.

Hai palabras que curan. Teño comprobado que é certo

Hai palabras coas que se ergue a paletilla e outras que curan enfermidades. Creo nelas porque é o que me ensinaron dende pequena e porque teño comprobado que é certo. A paletilla é un oso que se pon na boca do estómago. Para volvela ó seu sitio, o enfermo séntase no chan cos pes xuntos, ben dereitiños e co lombo ben arrimado a quen lla ergue, que lle colle as mans e estalícallas ata sobrepasala cabeza. Se igualan, está ben. Caso de non igualar, rézalle a "Oración a

la Espinilla": "Espinilla y paletilla se vuelven a su lugar, como las olas se vuelven al mar, por el poder de Dios y de la Virgen María. Un padrenuestro y un avemaria". Elle cousa eficaz. Levanteilla moitas veces. O Xosé Antonio, fillo do Constantino da Barreira, estaba moi maliño e díxenlle eu á Felicitas: este neno ten que ter a paletilla caída. Ai, por Deus non me diga iso, contestou a nai do pequeno. E díxenlle: o rapaz non ten ganas de comer porque tena caída de moito tempo. O terceiro día deilla levantado. ¿Como non hei crer que a paletilla se ergue con palabras? E os orballos tamén se curan dicindo: "colleitizo feitizo que é o que aquí ves buscar?, saliba de boca e polvo do lar. Se es de cobra, ponte en roda; se es de Salamanca, vaite á barranca; se es de lagarto, vaite ó balado; se es de pita, vaite á cinza; se es de araña, vaite á palla, con el poder de Dios y de la Virgen María, un padrenuestro y un avemaría". Primeiro faise a cura botándolle cinza, un pouquiño quente, de allo ou de cigarro facendo un circo ó redor do orballo e unhas cruces no medio. O orballo meirande cura con este remedio santo. Os argueiros curan con esta oración: "Corre cabaleiro, quítame este argueiro; corre Santa Ana, quítame esta árgana; corre Santa Lucía, quítame ti máis axiña, con el poder de Dios y de la Virgen María, un padrenuestro y un avemaría".

Unha amiga de Calde, Carme Somoza hai pouco ensinoume a oración para curar úlceras: En fonte Pedriña estaban todos tres, Pedro, Xoán e Andrés. Veu noso Señor. ¿Que facedes aí todos tres? Bendicindo úlcera e erisipela e sangue ruin, con cruz albar e toxo molar, auga da forxa termal; que este mal achague aquí non ha de parar. Antes do terceiro día ha de secar coma o rabo de oliva. Cun padrenuestro e un avemaría ofrecido e rezado á Virxen María.

Tamén hai palabras para curalas velidas, pero eu non as sei. As verrugas secan botándolles leite de figos no día de San Xoán, e con máis palabras que non lembro agora. E unha lástima que se perdan. Eu son moi vella para acordarme se non mas mentan.

Eu crenza teño, gracias a Deus, porque me axudou moito e me axuda ¿Os curas? Hainos bos, coma o que che dixen, de Súa, e hai outros que non fan o que predicán, coma un de Piñeiro que tivo dous fillos, e outro de San Martiño que tivo un cunha rapaza de casa de Rodríguez. Ela viviu oculta namentres estivo en estado e, logo, levouno a criar fóra da casa e o cura deulle estudio. Son moi devota do Santo Sacramento, de San Antonio e de San Victorio, que é moi avogoso para a facenda. Despois xa me vou ás virxes. A dos Remedios favoreceume moito en canto lle pedin ¿Cómo non vou ser relixiosa?

Débese apoiar a Asociación de Amigos do Campo da Feira

Vostede é un preguntón. Si. Durante a guerra, en Seoane houbo cuartel da Guardia Civil. Eran moi malos mecagoendiez. Nas Buxetas de Vilarmosteiro pegáronlle a uns canteiros e todo por culpa do Manco da Pobo un fascista que tiña un comercio de cartuchería e levaba ós homes que lle viña en gaña. Eu tíñalle moito medo por causa do Xosé. Unha vez veu á casa, e coa escopeta na man, apuntando, botou un xuramento e preguntoume se vira pasar uns homes. Eu ben os vira pero nagueino e foise.

Vostede quéreme comprometer. ¿Que lle vou dicir da Asociación de Amigos do Campo da Feira? Está aquí o Constantino que foi o seu promotor. ¡Déame un pau,

que lle dou con el, mecagoendiez! Ese arreglo que houbo, querido Constantino, para meterme as augas na finca... Ai, Constantino, Constantino. Metéste-los tuvos no curral... Deixalo. Non ten maior importancia. Es bo rapaz e quéroche ben. O labor que están facendo os Amigos do Campo da Feira é un gran ben para o Concello. Eu desas cousas non lle entendo pero á vista están as feiras novas de primavera. As exposicións de maquinarias e os concursos de gando non poden estar mellor. Isto vai moito en aumento inda que neste mundo non hai nada perfecto. Puxeron a Casa do Médico, hai un taller, a Cámara Agraria, a Farmacia, un Banco. ¿Aledaríame que construíran aquí a nova casa do Concello? ¡Que máis quixera eu! ¡Canto me gustou que viñeran os médicos! hoxe non podo axudar, pero no que estea na miña man, aínda poden contar comigo para que ese proxecto sexa realidade. Canto está a promocionala Asociación hai que apoialo, pois é beneficio para todos. O gran problema agora é a falta de auga. Na Feira teñen que os vecinos quérena para eles. Pero, está claro, compre que paguen o custo da traída.

Afixenme á soedade pero dígolle que me costou un mar de bágoas

¿Que vou vivir de rentas? A min páganme o subsidio dos vellos. A miña filla Obdulia hai dous meses que lle veu aprobado tamén. Ademais temos unhas galiñas, coellos e unha hortiña e imos indo. O peor é estar tan soas. Pensar que chegamos a vivir nesta casa catorce persoas, nove fillos, o matrimonio, unha sobriña e dous maestros... O Xosé morreu o cincuenta e tres e, dos cinco fillos que viven, dous están en Barcelona, unha en Vitoria e a outra en Pontevedra. Aquí, como lle digo, estamos as dúas soíñas, pero sempre que poden veñen a vernos. A que ven máis e

miúdo é a de Pontevedra porque está cerca. Eu tamén estiven en Barcelona en dúas ocasións. Na primeira, viñenme axiña porque non aturaba aquela fogaxe. Hai uns días volví aló para asistir ó casamento dunha neta. Dábame medo ir porque polas noites acométeme unha tos que me argana; pero o médico deume permiso e fun. Síntome moi feliz porque vin que os meus fillos e netos todos están moi ben e con casas propias. Ademais leváronme a Montserrat, ó Tibidabo, Montjuich, e a coñecer pobos da costa catalana. Agora, de volta á miña casa, atópome a gusto porque aquí pasei a meirande parte da miña vida. A miña filla e máis eu xa nos afixemos á soedade; pero ó primeiro dígolle que me costou un mar de bágoas. Ver valeira unha casa tan alegre, ben repartida e ben faiada, é unha tristura. Mentres viva quéroa ter como a fixemos. O día de mañá penso que os fillos mirarán por ela. A metade é miña porque foi feita en matrimonio e quedará para todos inda que mellorarei á Obdulia canto pida. Telos fillos lonxe considereino sempre unha desgraia. Eu queríaos ó meu lado pois, segundo vivíamos antes, mellor podíamos vivir agora e facer pola vida.

El Progreso, MÉRCORES, 4 de Novembro de 1987

Lembranzas de Andrés da Mámoa

Teño dito moitas veces: "eu quixera ser rico" e nunca cheguei a rico; pero teño saúde e non me falta de nada tampouco. Inda que non me sobra, teño abondo. ¿De qué vale ter pesos a moreas? ¿Para qué, se falta a saúde? Nacín no ano 1893, o 31 de outubro. Fomos sete irmáns, tres varóns e catro mulleres. Marchei a Asturias ós 15 anos. Traballei nas minas e afaciame tan ben que non volvía por nada do mundo. Alí tiven a primeira noiva. Pero sucedeu que o meu irmán máis vello arranxou para emigrar e o meu pai escribiume para comunicarmo. En canto lin a carta decateime do que el me daba a entender e díxenlle ós compañeiros: "mañá marcho para Galicia". E víñenme con idea de voltar. Lembro que cheguei a víspera de San Victorio. O meu pai padecía moito e os meus irmáns inda eran todos pequeneiros. ¿Como vou deixar esta xente así? —cavilaba eu— e permanecín na aldea durante os catro anos que o meu pai lle puxera de prazo ó Xosé, que era o mellorado, para que regresara de Buenos Aires. Logo marchei novamente a Asturias e dende aló escribinlle ó meu irmán para contarlle a situación da familia e recordarlle que debía facerse cargo da casa. Contestoume que non voltaría endexamais. E así foi. Moito despois soubemos que casara ós sesenta nos cunha rapaza de vinte, filla dun amigo del, nativo de Gondrame. Seica estaba rico, pero nunca un céntimo mandou para a casa.

Tiven, pois, que deixar Asturias e ó pouco tempo, no ano 1914, fun deprender a instrucción a Pontevedra. Non fixen o servizo militar completo porque, por sorteo, —eu tiña o número 38— librei. Con todo, pasei os meus apuros cando "Faro de

Vigo" publicou en grandes titulares que España ía entrar en guerra, cousa que, a Deus gracias, non sucedeu e volvín á Mámoa e púxenme ó frente da casa.



Andrés da Mámoa

¿Lembranzas da miña mocidade? Dende rapaz sempre estiven disposto a todo; festas, toca-las campás, bailar, toca-la música... Eu sempre era o ramista. Primeiro, a parroquia estaba dividida. Os de Abaixo tiñamos o San Martiño. Os de Arriba, o San Pedro; pero unímonos. Mentres estiven no servicio militar volvéronse a desunir. Viñen e Antonio (Don Antonio, que era o secretario e eu chamáballe Antonio porque eramos moi amigos) viñen —digo— e Antonio e máis eu volvemos a unir a parroquia. Contabamos coa axuda do seu irmán, o médico, que era un entusiasta

organizador de verbenas. A pólvora traíanola un polvorista, un tal Gerbolés, de Rábade. Eu era quen a botaba. Soamente tiveron un accidente nunha ocasión e non fora por culpa del. O índice esquerdo, ou furabolos como dicimos aquí, quedoume un tanto inútil. Foi pola festa da Santa Cruz. O polvorista, que era un aficionado de Castrelo, moi acelerado el, non a preparou en condicións. As subidas que non van ben atacadas non soben e pasou que, xunto á casa de Mosqueira, tirei un foguete, e ben. Tirei outro, e marchou moi ben tamén. O terceiro pasou rolando por riba das casas de Trebolle e o cuarto, segundo lle puxen lume ¡pum!, feríume na man. Pasei unha tempada sen poder tocar na banda nin botar pólvora. O primeiro foguete que volvíu tirar foi na festa de Nosa Señora, de Roascos, na casa da Pena.

Afección polo baile e a música

Eu bailaba moi ben ó solto. A muiñeira e a xota gustábanme máis có agarrado. Outro gran bailarín era o Eliseo da Barreña, irmán do Constantino, que era máis novo ca min. Eu, cando estaba bailando, se me apuraban moito, de seguida quitaba outro punto. Lembro que o secretario molestouse moito nunha ocasión que foi bailar á casa da Enriqueta de Freire, porque quitáronlle un que el non soubo seguir. A verdade é que non lle daba moito xeito. O caso foi que me chamou para que lle deprendera un punto novo e, camiño da súa casa, discurrín dous que lle agradaron moito.

Para bailar é mester entender algo de música. Hoxe, nas festas, non ves dúas parellas que bailen igual. Non entenden se a orquesta toca ben ou mal. Fai falla ter bo oído e seguir o compás da música, non bailar a rumbo.

O Antonio, como che dixeran, era un gran amigo meu. Os Mosqueiras todos eran bos. Don Faustino, unha gran persoa, un home moi formal que daba consellos á xente. Se había algunha liorta entre veciños ía el a escape para arregalos. O médico, Don Casto, queríase ben. Tina moi boas relacións. A saída da misa, no adrio da igrexa, o Manuel de Veiga de Abaixo, o Pepe de Vilasusao e outros formabamos unha pequena tertulia. El vestía unha elegante capa negra e o primeiro que facía era sacar tabaco de "setenta", que era moi aromático e moi superior ós "mataquintos" que se fumaban daquela. Pero cando empezou a escasear, bromeaba: "antes facíanse rondas e, ó chegar a catro, cada un fumaba do seu tabaco, pero hoxe "cada uno fume lo suyo".

A miña gran afición foi a música. Acaíame moi ben. Tocaba o clarinete na Banda do Páramo con "Calina", que era un gran mestre. O deixala música, por compromiso, vendín o clarinete a un rapaz do Gaitero de Grallás. Eu xa non podía saír a tocar, ¿E agora para que o queres?, díxome a miña nai. Pesoume vendelo. De cando en vez aínda había aturular con él pola afición que tiña. Tamén teño o honor de dicir que cantaba ben por certo, igual cós meus irmáns. Pero desde que quedei viudo non volví a cantar e, se o fixera hoxe, semellaría un carro vello.

Pecado oculto e medio perdoado

Non é por me gabar, pero nunca me faltaron rapazas. ¿Que a xuventude de antes tamén facía o que podía? O que eu digo é que "pecado oculto é medio perdoado". Fun apreciado polas mulleres e moi bo con elas. ¿Qué pasou na feste de Pallares? Ai, ¡daquela fora outro conto! Fun á festa do oito de decembro co Xosé de

Diego de Quitela. Era un día moi frío. En canto chegamos quitamos unhas irmás a bailar e, logo, comemos unhas roscas e bebemos unhas copas, porque outra cousa non a había, e cando rematou a festa acompañámolas. A min cadroume a máis vella e, en chegando á súa casa, díxolle á irmá: "Ti entras coma se tal cual, vas ó cuarto para te deitar e o Xosé que suba pola ventá". Así o fixeron e a min levoume para o tendal que estaba cheo de fentos. ¡Buscáranos ben o gancho! O peor foi para volver á Mámoa. Era noite grande cando chegamos ó Muíño do Fanagueiro, que non se aventurou a nos pasar á outra beira do río, e tivemos que seguir ata Francos, á casa do Rito, que nos pasou tras longa porfía. Empezaba a nevar, metíase nos a auga polas polainas abaixo. Iamos polo monte chápole. Chegamos ás Cruces de Piñeiro, petamos na cantina do Antonio. ¿Que queredes? ¡Tráenos augardente! Pinchámola botella toda man a man. Cheguei á casa e mudeime. ¡Nin un catarro!

É verdade que antes había máis fillos de moza solteira que agora pero hoxe, se non souberan as mañas que saben, había ser peor. Coa música tiven moitas ocasións pero sempre fun educado coas mulleres. En Reiriz, no concello do Saviñao, por exemplo, estiven toda unha noite de parola cunha costureira que, a pesar de ter unha mancha a carón do ollo, a súa cara semellaba a da Virxe máis pintada que te poidas imaxinar. Estivemos na cociña ata que xa se vía o día polos buratos das tellas. Non lle toquei para nada. Iso é tan certo como a luz bendita.

Nunca puiden imaxinar tal progreso

Sesenta ou setenta anos atrás os tempos eran moi outros. Hoxe en día todos temos tractores e toda clase de apeiros. Facíase todo a poder de brazos. Agora

trabállase as leiras sentado. Antes había que andar detrás dun arado un día e outro. Cambiou moito isto. Daquela eu non podía imaxinar tal progreso, pero o Faustino de Mosqueira, que albiscaba as cousas de lonxe, dicía: "os ollos dos labradores non deben saber ler nin escribir porque, logo, emigran e o campo queda sen xente". Quería analfabetos para telos nun puño. Claro que os del estudiaban e, coma sucedeu con outras casas, mesmo a de Rodríguez que era das mellores do Páramo, tamén a del se acabou. As casas grandes son as primeiras que se desfán. Os fillos estudiados non van vir traballar ó campo. Certo que nas cidades vívese mellor, pero as aldeas quedan arruinadas. Se cadra, os poucos que quedamos melloramos o xeito de vida. E o que se busca. Para medrar uns teñen que baixar outros. Nesta casa hai hoxe quen traballe e por iso medra. Cando eu era mozo non había cartos nin para pagar o tren. A Lugo íase a pe e volvíase andando. A vida da aldea cambiou coma dunha noite ben xeadada a un día ben claro. O adianto máis importante que coñecín ó longo de case un século non saberla dicir cal é. ¿A luz? ¿o coche?, ¿a maquinaria? Para empezar, cando eramos mozos estabamos afeitos a camiñar de noite chapuzando en pozas de auga. Nin sequera tiñamos un foco para nos alumar, inda que había quen se alumaba con fachuzos de palla. Ter unha bicicleta, conque non había caminos, non valía cousa a non ser que a levases ó lombo. O que tiña caballería, moi ben. O primeiro. O primeiro tractor foi para Veiga e logo, uns hoxe e outros mañá, todos chegamos a el. Hoxe fáltanos a luz eléctrica e nin sabemos andar. Daquela facíase todo á luz do candil de gas, que era moi malsano. O litro costaba dez perras gordas e parecíanos caro. Na nosa casa tiñámolo pendurado na cociña e o gas estaba animando toda a noite pero, para aforrar, había quen pelaba as patacas á luz da lareira e mulleres que fiaban a carón do caldeiro alumándose

coas labaradas do lume. Outro gran atranco era a falta de auga. Iamos por ela á fonte. Agora temos tanta queiramos. Eu nunca viaxeí a pé porque tiña unha beata; Cantas veces fun dudo a cabalo deica Sarria. Só unha vez dei unha afuciñada na pola dun carballo na leira Nova, cerca da casa xa. Segundo viña ¡pumba!, polo demais nunca engarrei nunha silveira nin en cousa ningunha. Collía o sono coma se estivera na cama.

O consello do tratante castelán

Eu non tiven fillos. Tívoos a muller. Tres rapazas e un rapaz. ¿Pensas que os teus filloa son fillos teus? A miña muller moito lle quixen e digo que respondía por ela inda que as mulleres teñen unha cousa que dan tantas chaves nela...

Quedei viudo moi novo. Non me deu por casar de segundas e vouche dicir por qué. Tiña unha muller que era do mellor. Están aquí a nora e a neta e xa teño dito noutras ocasións que en mulleres tiven moita sorte. A Balbina tíñalle moito apego ós fillos, por iso non volví casar. Dixen: nunca me caso porque os meus fillos son fillos da Balbina. Se ela houbera sido ruin tal vez volvera recuncar.

Dos novos do meu tempo non queda nada. ¿Por qué non morrín? ¿Sabes que lle digo á xente? Unha vez fun á feira de Monterroso e presenciei a conversa dun home cun tratante castelán de bestas, moi forte el. ¿Que tempo tan vostede? Setenta anos. Pois está moi arrufado para a idade que ten. "Mi abuelo —contestoulle o tratante castelán decía: el que de joven quiera llegar a viejo, guarde aceite en el pellejo". Seguín o consello e por iso resisto. O que había gastar mal gastado reserveino e valeume para chegar ós 94 anos. ¿Púdenme meter a crego? Nunca se

me ocorreu tal cousa. Se os castraran antes de se ordenar, non quedaba un. Son persoas coma nosoutros, coas mesmas paixóns. Predicaba unha vez un frade misionero: ¡Amas de curas bestas del demonio! Decía verdade.

Contos de mouros e tolos

¿Que che conte contos vellos? Teño oído falar moito dos mouros. Na parroquia de San Martiño está o Alto do Castro, que seica foi habitado polos mouros. Se petas cun ferro, seica soa a oco. Eu fíxeno e non notei nada. Penso que non ten interés. O que si podo dicir e que abaixo de Pinte está o penedo do Santo, a carón do río Miño, nun lugar moi difícil de entrar. Cando era pequeno conseguín chegar ata o penedo no que se pode apreciar o camarín grabado onde estivera o Santo que, segundo contaban os vellos, escapou porque os da beira da Pallares acantazárono: Outro monumento curioso, do que ninguén sabe a verdadeira orixe, é o que se atopa en Gándara, en Gondrame, contra o río. E un penedo oco, en forma de caldeiro tapado cun testo de pedra con asas. Pódese entrar apartando o testo que é un lousón grande. Atribúeno ós mouros pero eu non creo nesas cousas.

¿O Fernandiño? ¿Como non me vou lembrar do Fernandiño? Todos lle queriamos ben. Vivía do que lle daban. Case sempre dormía na casa do Fidalgo de Trebolle. Mantíñano, limpábano e a Xulia, a muller do Odón, era quen o afeitaba. Estaba algo ido da cabeza, pero era moi boa persoa. Seica era nativo dun pobo aló da raia de Asturias, coido que de Vegadeo. Decíase que estudiara para crego porque sabía moito e cantaba coma os curas. O Fernandiño sempre levaba un Santocristo pendurado do peito. Preguntabámoslle: ¿véndesme o Cristo? E


contestaba: "Deus non se vende por ningún precio" E se dicías ¡Viva Rusia!
matábase con calquera. Era moi católico. Cando ia ó San Bernabé de Castrillón, un
santo moi avogoso para a facenda, calquera veciño que lle entregara unha limosna
para o Santo podía ter a seguridade de que, en chegando aló, o primeiro que facía
era entregala. Isto é de fulano ou de zutano, decíalle ó crego en canto chegaba. O
Fernandiño gustaba de dormir xunto ós cochos. No tempo da ceba poñíase no
medio deles porque dábanlle calor. "Se me deran un ovo, se me deran un café..."
Atendíamolo coma se fora da familia. Cando morrea, os cregos tivéronlle un gran
enterro e non quixeron cobrar.

El Progreso, MÉRCORES, 2 de Marzo de 1988

Foi comandante xeral do Resguardo de Galicia

Don Domingo López, "Benemérito da Patria"
polos seus méritos na Guerra da Independencia


A casa de A Granxa de Courel, unha das máis notables do Páramo, foi fundada no 1820 polo coronel do Exército e Comandante do Resguardo do Reino de Galicia, don Domingo López Rodríguez, no solar dun vello pazo dos señores de A Mota do que se conservan dous muros.



Casa de A Granxa (Courel-Saá), fachada sur-este

Os señores López Taboada, os actuais propietarios, levaron a cabo unha axeitada restauración: no muro de entrada colocaron dúas pirámides cuadrangulares

correspondentes á torre que fora esborrallada para facer o cerre dun prado; a parte baixa conserva unha grande tulla e apeiros antigos; e por unha escaleira de granito súbese a unha espaciosa estancia ennobrecida por cadros alusivos á mansión, armaduras, o escudo de armas en madeira e mobiliario acorde coa construción de Cantería.



Escudo do señor de A Granxa

Segundo podemos comprobar pola contiosa documentación que nos amosra o señor López Franco, o fundador da casa de A Granxa, don Domingo López Rodríguez naceu en Barreiros (parroquia de Súa) o 13 de decembro de 1788 e dende moi novo residiu en Madrid onde participou activamente na Guerra de Independencia contra os franceses. Colaborador do exército real e organizador de emboscadas contra o inimigo, foi ferido de bala no ataque que deron as tropas do Empecinado preto de Alcalá de Henares e sufriu cadea na vila de Algete, onde vivía coa súa dona. Librou da forza tras sobornar ós gardas e, polos seus méritos, unha Real Orde de 17 de decembro de 1814 nomeouno "Benemérito da Patria". Don

Domingo López ocupou importantes cargos e alcanzou o grado de Coronel do Exército e Comandante Xeral do Resguardo do Reino de Galicia. Durante o seu desempeño publicou "Plan de Reformas y Mejoras" (Santiago de Compostela, 1826), un extenso estudio para a percepción de rentas en Galicia, co detalle do número de empregados necesarios en cada cidade importante e nos diferentes partidos xudiciais para a creación de rondas montadas e de escopeteiros de a pé, reseñando inclusoos soldos anuais en reais de vellón para o personal.

É curiosa a orixe da casa de A Granxa de Courel. Sábese que don Domingo era partidario do rei absolutista Fernando VII, contrario por tanto dos liberais. Iso ocasionoulle o desterro ó Caurel pero él, en tronques de ir para a alta montaña luguesa, aproveitándose da similitude toponómica, instalouse no Courel de Súa burlando así a orde de Madrid.

Posteriormente foi rehabilitado e recuperou os seus cargos que exerceu ata 1848, ano do seu pasamento en Madrid. A tradición popular di que os liberais arrastrárono polas rúas da capital despois de lle cortar a man dereita por ter falsificado un documento real.

O Cabaleiro don Domingo Eusebio López-Méndez-Díaz e Rodríguez, que tal é o nome completo do señor de A Granxa segundo consta no arquivo de Simancas, era Caballero de la Real y Distinguida Orden de Carlos III e, entre outras, tiña a Cruz de Fidelidade de 1a Clase.

Don Manuel Vázquez Seijas no tomo IV, páx, 226 de "Fortalezas de Lugo y su provincia" describe así o escudo de catro cuarteis do señor de A Granxa:

"López.— Lobos pasantes sobre plata, encima sinople.

"Méndez.— Sobre gules dos retortillos varados de oro azul. (Estos retortillos figuran en el pergamino de ocho cabezas de ave sangrantes, en bordura).

"Díaz.— Águila de sable, (tiene también en el pergamino, en bordura, diez flores de lis).

"Rodríguez.— Escudo azul y en él un aspa de oro, y en los cuatro ángulos, flor de lis.

"La celada, pieza la más honorable en armería, está ornada, y pendientes del escudo, aparecen las cruces de honor y distinción de Carlos III, flor de lis de Francia, sitios de Bayona y Pamplona, batallas de Tolosa y Vitoria y las del segundo y tercero ejército".

Don Domingo López cobraba rentas no Páramo, en Paradela, O Corgo, Portomarín e Guntín. Tivo dous fillos: Francisco Pedro Aquilino, que herdou os bens maternos de Castela, e Xosefa Eusebia, herdeira das propiedades paternas de Galicia. Hermelinda Araújo López, neta do Comandante Xeral do Resguardo de Galicia, vendeu todo. Nicanor, da casa Taboada do Campo da Feira, mercoulle varias fincas e a casa de A Granxa que donou á súa filla Manuela Taboada, dona de Manuel López Franco, natural de Escarlán (parroquia de Goián), que exerceu de mestre en Súa, razón pola cal A Granxa é coñecida hoxe en día por Casa do Mestre.

El Progreso, MÉRCORES, 6 de Abril de 1988

Preside a Asociación de Criadores de Gando Selecto de Raza Rubia

**Ricardo Pérez Rosón destaca o gran porvir das feiras
que se celebran no Páramo**

«As feiras do Páramo cunha carballeira que quizais sexa a mellor de Galicia, pola súa riqueza gandeira, teñen un gran porvir», dixo Ricardo Pérez Rosón, que entre outros moitos cargos, é presidente do Colexio de Veterinarios de Lugo e da Asociación Nacional de Criadores de Gando Selecto de Raza Rubia Galega e, como tal, tódolos anos vén prestando apoio á Asociación de Amigos do Campo da Feira do Páramo para a organización dos concursos de gando. Segundo as propias manifestacións, a Ricardo Rosón, o que máis lle satisfai é ser gandeiro por vocación.

Sobor das Feiras do Páramo, o presidente do Colexio de Veterinarios de Lugo dixo tamén:

O labor que está a face-la Asociación de Amigos do Campo da Feira é realmente excepcional e debería contar con máis colaboración para, sen perde-lo tipismo do campo, conseguir as condicións actuais dun mercado moderno non só de exposicións gandeiras senón de todo o relacionado coa agricultura: exposicións monográficas de maquinaria, de produtos do campo, etcétera.

Estance perdendo moitas tradicións porque as circunstancias son cambiantes.
¿Qué nos di?

É verdade, pero hoxe en día hai unha clara tendencia a volver ó antigo. Coido que o Campo da Feira do Páramo -estou pensando nos seus vizosos carballos, nos alpendres e na larganza que ten- é o máis axeitado para conserva-lo tipismo dos

nosos mercados. Ademais a súa proximidade a Lugo convertiríao nun centro de atracción comercial e de esparcemento.

¿De qué xeito poderían colabora-las institucións?

Así como promulgaron decretos para a conservación do Piornedo e outras zonas, as institucións deberían velar pola enxebreza daquel campo e das feiras, que incluso poderían chegar a ser unha atracción turística. Hai que impedi-la tala de árbores. Débese tratar de reconstruí-los alpendres en troques de arrasa-lo que está en pé.



Ricardo Pérez Rosón

¿Cómo colabora a Asociación Nacional de Criadores de Gando Selecto de raza Rubia Galega?

Nas exposicións que se viñeron celebrando os últimos anos nas Feiras de Primavera do Páramo presentamos unha pequena mostra de raza Rubia Galega porque aquel zona é un centro xeográfico de gran produción gandeira. Iso, e o feito de que temos vintecinco asociados con exemplares moi bos, é a razón de que

participemos nos concursos co noso asesoramento e con animais de gran pureza xenética.

Razas

Por outra banda, ¿qué raza bovina é máis rentable para o labrador?

En Galicia non se pode pensar só nunha raza; pero o indudable é que a Rubia Galega ten un gran futuro non só na nosa terra senón no resto do Estado. É unha das razas autóctonas máis importantes de Europa. Fóra da nosa Comunidade Autónoma hai exemplares en Extremadura, Navarra e no País Vasco. Neste intre o semen da raza Rubia Galega estase a empregar en cruces industrialmente en España; principalmente coa raza frisona, mellorándose a produción e calidade dos becerros.

¿Conseguiron a garantía de denominación de orixe para a carne galega?

Iso é o noso gran problema. Un verdadeiro reto. Un atranco moi complexo que estamos intentando resolver. O que está claro é que a carne galega é unha das máis apreciadas e págase mellor cas outras. Os factores que inflúen na súa calidade son, fundamentalmente, a raza e o sistema de alimentación. Non é o mesmo un becerro criado na aldea que o cebado nunha granxa. Temos grandes posibilidades de exportar á Comunidade Europea; pero o problema é conseguir unha identidade en orixe e nos matadeiros. O mundo da carne é moi complicado. Hai zonas de España nas que se empregan estimulantes de crecemento prohibidas. Temos mil socios gandeiros que son os primeiros interesados nas marcas de orixe. Ese mecanismo témolo. O que sucede é que, tal como se desenvolve o comercio da

carne, dende que sae das mans do gandeiro ata que chega á ama de casa, é moi difícil controla-lo fraude. Pensamos que a solución, moi limitada por certo, sería montar carnicerías propias.

Evolución

¿Cómo evolucionou a raza Rubia Galega últimamente?

A vaca orixinaria era de triple aptitude: carne, leite e traballo. Ó suprimirle o traballo incrementouse, fundamentalmente, a produción de carne. Antes daban máis leite e agora estamos intentando que o volvan a aumentar só moderadamente para non ter que recurrir ó muxido. As condicións en que vive hoxe o ganado vacuno son moito máis saneadas.

La Voz de Galicia, martes, 31 de maio de 1988

A Orden Severísima do Mel

A casa do cura de Vilarmosteiro, Eladio Fernández Fernández, ten moito de museo e está rodeada por un xardín adicado á fauna e á flora. Tamén é moi afeccionado á caza, pero a súa paixón meirande e a máis importante, ó noso entender, pola incidencia económica que está a representar para O Páramo, é a apicultura. A primeira colmea que tivo regaloulla o señor Pedro de Fontarón no ano 1967. Logo comunicouse con Xaime Fernández Ledo, sobriño de D. Benigno Ledo, o coñecido «cura das abellas», e asistiu a varios cursos de apicultura para especializarse na cría de abellas e na produción do mel. Eladio Fernández é membro da Asociación Provincial Lucense de Apicultura e pódesele considerar como o pioneiro da introducción das colmeas en O Páramo. El iniciou neste labor ós curas de Gondrame, Santa Marina de Adai, Friolfe, San Martiño, Súa e a varios labradores do municipio que xa posúen 15 abelleiras cun total de 200 colmeas.

A súa idea é que tódolos produtores do Concello de O Páramo se unan para acadar unha maior produción e conseguir canles de comercialización. Para iso creou a «Orde Severísima do Mel» que, dende hai cinco anos, ven celebrando os seus capítulos xerais no mes de outubro despois de recolle-lo mel.

A seguido escolmamos algúns dos seus consellos orientativos para os interesados na produción do mel.

«O primordial é saber orientar unha abellariza. Débese orientar cara o nacente e o mediodía, lonxe de poblados, camiños e ríos caudalosos. Tamén se terá en conta o valor melífero da comarca. Deben situarse preto da vista do apicultor. O terreo debe ter algo de declive por diante, e ten que ser sano, seco e limpo. É

mester que estea reservado dos ventos do norte e do noroeste. As abellarizas nunca se instalarán unhas cerca das outras e o chan debe ter un grosor de cinco centímetros de area para que non medre a herba».



Bos consellos para os cultivadores do mel

«Para saca-lo mel debe estar maduro, cumprido e perfecto. A época mellor é despois do San Miguel. É cando está cerrado e aplastado».

«A peor enfermidade das abellas é a «loque» (putrefacción das larvas). Hoxe é superable co emprego da apiciclina. As causas da «loque» son a humidade, o enfriamento da cría e a mala alimentación. Outras enfermidades son a «acariose», o mal de maio, a falsa tiña e a «abarroase», que aparecen hai un ano polos Pirineos».

«Os inimigos peores das abellas son o home, debido á ignorancia e ás manipulacións inoportunas, os ratos, o vencello, a anduriña, o picopedreiro, as avispas, os lagartos, os sapos, as formigas, entre outros».

«Tamén é un peligro o saqueo entre as mesmas colmeas, que pode ser natural (as ladroas aproveítanse das provisións alleas); forzado (provocado polo home cando lle cae o mel do apiario) e recíproco (cando se rouban unhas ás outras e acaban morrendo todas). O xeito de salvarlas é trasladar unha das colmeas a unha bodega ou sitio escuro. Ó cabo de tres días devólvese á abellariza e redúceselle as entradas rociándoas con gas natural».

«As abellas son moi necesarias porque fecundan as plantas, as árbores e as flores co traslado do polen».

«A creencia de que as abellas comen zúcre é un camelo. A abella zuga. O que si é un bo alimento para elas é un xarope feito con 3/4 de litro de auga e un kilo de zúcre que, tras cinco minutos de fervura, pónselles nun comedero feito a propósito. Tamén se poden alimentar con preparados que están á venda».

«O custo dunha colmea (12.000 pesetas), un enxame de 22.000 abellas (6.000 pesetas) e a cera (2.000 pesetas), son insignificantes xa que pode proporcionar de 15 a 20 litros de mel que a «Orde Severísima do Mel» vende a 1.300 pesetas litro. Certo que no mercado atópase moito máis barato debido a que o produto é manipulado».

«O mel é o remedio máis sano e máis completo que pode haber nunha casa».

Hoxe escomenzan as famosas feiras e festas de primavera

**O Campo do Páramo é unha fonte de riqueza naturalista e non moi degradada,
según o pregoeiro Xurxo Vivero**

«O Páramo é unha fonte de riqueza naturalista», dixo Xurxo Vivero Pérez, que hoxe a partir da unha da tarde leerá o pregón das feiras e festas de primavera que se desenrolarán hasta o domingo. A este acto de apertura das feiras e festas de primavera en O Páramo ten prevista a súa asistencia o vicepresidente da Xunta de Galicia, Xosé Lois Barreiro Rivas e outras autoridades a personalidades.

O Páramo é -dixo Xurxo Vivero- unha zona típica de Galicia interior aínda non moi degradada. Por iso conserva valores esenciais de fauna e flora galegas que noutras zonas están a desaparecer. Ten a vantaxe, ademais, de ser un conxunto de ecosistemas variados: media montaña, río, monte baixo, carballeiras e veigas. O Páramo é unha fonte de riqueza naturalista.

A carballeira do Campo da Feira é moi coñecida, ¿por qué?

Porque é a natureza metida na aldea e ó seu servicio. No Campo da Feira conxúgase a tradición naturalista co desenvolvemento urbano nun tempo en que as carballeiras de Galicia están en recesión preocupante, a pesar de seren o máis enxebre que temos na nosa Terra, tanto polo seu valor biolóxico como cultural. Caso de desapareceren as carballeiras, desaparecerían as bases de referencia dos nosos meirandes poetas e a propia poesía popular. O Campo da Feira do Páramo é natureza e homes xuntos, non enfrentados.

Xurxo Vivero, é profesor de Literatura no Instituto Nosa Señora dos Ollos Grandes, un dos fundadores do Colectivo Ecolóxico Radical e de Alternativa Ecoloxista de Galicia, membro da Sociedade Española de Ornitoloxía e de Adena. Escritor e publicista en numerosos xornais e na radio, acaba de publicar «As Donas do Vento», un libro de gran interese que trata das aves rapaces de Galicia. Xoán Carlos Lage, estudante de Pedagogía e membro do Colectivo Ecoiolóxico Radical, foi quen nos puxo en contacto co profesor para nos informar da riqueza de flora do Paramo que el estudiou en profundidade.

Edificacións

¿Qué opina das edificacións que se están a proxectar?

Ben, sempre e cando as construcións non sexan abusivas e se fagan con materiais e formas axeitadas ó contorno. Empregar materiais alleos con formas extrañas é rompe-lo equilibrio entre a cultura, e o medio. De pouco valería conservar los carballos do Campo da Feira se se fan edificacións que non gardan unha harmonía xeral. A reconstrucción dos alpendres favorecería esa integración. En arquitectura o verdadeiro progreso é conservar.

Fálenos da vexetación máis representativa do Páramo.

O bosque máis típico de Iberia húmida, na que se integra este concello, é a de folla caduca, e a árbore máis significativa é o carballo. Relacionados con estes bosques hai unha serie de arbustos e prantas que os complementan e se deben respetar. Por iso son insatisfactorias as campañas de queimas controladas para evitar incendios forestais xa que, dende o punto de vista naturalista, acaban cun dos

sustratos que dan máis vida ó bosque. Parte destes arbustos son o escallo, os fentos, distintas herbas e musgos. O castiñeiro, unha especie que está en regresión en Galicia, é imprescindible polo seu valor ecolóxico, paisaxístico e cultural. Ademais pode ser moi rentable economicamente.

¿Qué outra vexetación considera de interés?

Os ameneiros, os salgueiros e os freixos das beiras do Miño e do Neira. É denigrante que non se cumpra á Lei que esixe unha autorización para cortar tales especies. Baixo criterios estéticos tamén hai que valora-las árbores frutais, moi abundantes no Páramo. Penso nas primaveras e nos outonos coa gran variedade de corido que presentan; pero deberíanse mellora-las técnicas de fruticultura para acadar unha maior rendabilidade.

¿Qué pensa das especies foráneas?

As que se introducen dun xeito exclusivo, tal é o caso do pino rompen o equilibrio biolóxico do bosque autóctono galego, que sería o formado polas especies ás que me referín. Ademais, a beleza dos piñeiros é moito menor cá dos soutos e carballeiras. A estética paisaxística do noso país é un valor a ter en conta e, ata agora, non se considerou abondo.

La Voz de Galicia, Venres 10 Xuño 1988

"Os cans só deberán demostrar as súas habilidades no Certamen Canino"

(Benito Rego)

Benito Rego Cobo é profesor de Fitopatoloxía da Escola de Enxeñeiros Técnico-agrícolas dende hai dazasete anos así como veterinario do Centro de Selección e Reproducción Animal de Lugo, foi deputado provincial e vicepresidente da Diputación Provincial e, na actualidade, é concellal de Lugo. Como presidente da Sociedade Protectora de Animais da provincia, entidade organizadora dos desfiles caninos de O Páramo, Benito Rego é un afervoadado impulsor dos mesmos.

-¿Qué opina destes certamens caninos que se veñen celebrando dende 1982?

A mostra canina de O Páramo atrae a cans, no só da provincia de Lugo, senón de toda Galicia.

-Indudablemente o éxito cada ano é maior, aínda que, máis ca premiar exemplares por razas, calificamos as súas aptitudes ou características. Para facer o concurso máis amplo sería mester darlle oficialidade e traer xuíces homologados pola Sociedade Canina Galega, únicos que poden calificar oficialmente. Tal e como se veñen celebrando na actualidade, os actos caninos da feira de O Páramo son moi emotivos e a eles concurren cans de alta calidade como individuos dentro da súa raza. Agora mesmo lembro un galgo afgano cunha serie de títulos gañados polas características que presenta. Tamén teño presentes algúns pastores alemáns de valor xenético, morfolóxico e de aptitude importante. Pero, como digo, nós pretendemos, por riba de todo, celebrar un acto simpático no que, ademais, reciban premio tódolos participantes, curioso, por exemplo, o caso do can "morito" ó que,

segundo o seu amo Eduardo Salcedo, gustáballe un trofeo amarelo, de pouca valía por certo, e démosllo para cumprir o antollo.



O autor do libro, Manuel Rodríguez, entregando un premio a unha rapaza no Páramo, Lugo

-¿Paga a pena seguir fomentando este tipo de certames?

-Penso que se deben potenciar e comunica-la súa celebración con tempo. O espallamento dos programas é moi importante para que a concurrencia de animais sexa meirande. Téñense presentado fermosos exemplares de Galicia e do resto do Estado porque non hai ningún outro certame deste tipo. Admitimos toda clase de cans, incluso de palleiro ou cruzados, entre os que se dan exemplares de gran valor con arreglo ás aptitudes.

Hainos que obedecen ás voces do amo de maravilla e outros teñen condicións excepcionais mesmo para gardar o gando. Debe participar o can de palleiro porque o que organizamos é, sobre todo, un certame de distintos animais que so van demostrar as súas habilidades.

-¿Contaba vostede que estas exhibicións foran ter tamaña resoancia?

-Ao primeiro tiña as miñas dúbidas. Sen embargo, a participación foi a máis cada ano e hoxe hai un interés maior do que podíamos agardar da xento e mesmo das autoridades. O tema canino é unha realidade con proxección cara ó futuro. Convén premiar a asistencia para estimular ós seus donos e debemos explicarlles que, aínda que lles damos un número de orden ós cans presentados, a calificación que se fai non é discriminativa.

-¿Seguirá apoiando a iniciativa da Asociación de Amigos do Campo da Feira?

-Dende logo que si. É importante que sigan estas actividades. Constantino López Grandas, fundador e presidente de honor da asociación, superou moitos atrancos. Se non se conseguiu máis é porque non se puido. Empezar de cero e chegar ó que todos coñecemos é abraiante.

-¿Dende cando a súa afección polos cans?

-Sempre me interesaron moito. Durante o servicio militar destináronme á Unidade Veterinaria de Melilla e alí tiven as primeiras experiencias con eles durante un ano e medio. Lembro dúas anécdotas: nunha ocasión unha señora tróuxome un "pozler", can de augas ó que as mulleres chaman "caniche", para que o tratara dun moquillo e ós poucos días mandoume chamar o comandante axudante do xeneral. ¿Qué pasara?, pensei eu cando me preguntou se era veterinario. O caso foi que a esposa do xeneral era a dona do "pozler" e o motivo da chamada era para

felicitarme. Ela, en agradecemento, regaloume vinte cartóns de tabaco rubio. Foi curioso tamén que unha señora propietaria dun "pekinés", ó que lle extirpei un ollo, lle pedira a un curmán seu, o oculista Sandez, que lle aplicara outro de cristal. O seu marido decíame: mátame o can para que a muller me deixe tranquilo. Non o fixen claro está, nin se lle puido facer unha prótese ocular. ¿Cómo ía atura-lo pobre animal un corpo extraño?

-¿Sería aconsellable celebrar concursos doutro tipo de animais aparte dos actuais de gando e cans?

-Poderíanse incrementar con outros de cerda, ovino ou canaricultura. Foi unha perda que desaparecera a raza celta de cerda, unha casta lenta no seu desenvolvemento, sen graxa e cuns xamóns magníficos. Hai que ensinarlle ó noso labrador cales son os métodos axeitados de cebe. O noso aldeán está nun erro. Ao principio tásalle a alimentación e ó final apura o engorde dos seus ranchos e o único que crían é graxa. O gando de cerda, ata chegar ós 60 kilos, forma carne. Despois non precisa de tanta alimentación. O seu peso ideal para a matanza é 110 kilos. Tamén sería de gran interese organizar exposicións de ovino. Estase a extinguirla raza galega, que é a mellor do mundo e produce partos triples e cuádruples. Teríase que mellora-la súa aptitude de carne sen que perdera a prolificidade nin a rusticidade. Esta última considéroa moi importante porque o inimigo público do gando ovino é a humidade. A nosa ovella pode vivir nin habitat húmido, sen problemas de ningún tipo. Non se pode permitir que desaparezan as razas autóctonas do noso país e hai que seleccionalas na aptitude sen esquelencia rusticidade. Iso é a base da selección.

Outro atractivo para as feiras de primavera podía ser unha exposición de aves de canto. Hai en Lugo unha asociación de canaricultura, que preside o doutor Vázquez Gallego, con socios moi informados no tema e que poderían colaborar tamén, coido eu, para acrecenta-lo interese das Feira de Primavera de O Páramo.

El Progreso, Venres 10 Xuño 1988

As feiras de O Páramo, na lembranza de Maruxa Besteiro Silva

Os tendeiros Enedina e o seu home, O Enedino, que polo ano quince xa acudían en carro de mula a canta feira había, eran dos máis populares das feiras do Páramo. Maruxa Besteiro Silva, unha dos seus cinco fillos, empezou a ir con eles dende nena e durante corenta anos, ata o 85, que se adicou a vender paquetería e quincalla. Hoxe está xubilada e vive en Lugo, cidade onde nace moi coñecida polo seu sentido broma e da amizade, como proban os premios que acadou en diferentes celebracións do Antroido no Círculo das Artes.

-¿Qué lle lembra a Feira do Páramo?

-Non hai en Galicia campo de feira coma aquel. Ao Páramo sempre lle quixen ben porque alí tiñamos moitos clientes que eran grandes amigos. A xente do Páramo endexamais creou problemas nin liortas, como acontecía ás veces noutros lugares. Teño moi boas lembranzas daquela xente e, ademais, deunos moitos cartos a gañar e iso que a miña nai, relixiosa ela, nunca abusou nos precios porque parecíalle pecado.

Acórdaseme sería polo ano 35 cando iamos ás mazás do Cándido do Agro; cando ía ver como O Cheirón, un dentista clandestino, arrincaba as moas ós paisanos sentados nunha banquetta debaixo dun carballo; paréceme estar vendo ó Félix e á Ramona que retrataban ós seus clientes cun armatoste montado sobre un trípode; un cego de Maceda que tocaba o violín e vendía coplas; o Domingo, tío da miña nai, que andaba ofrecendo rosquillas e copas de augardante; os augadores, cun garrafón de auga ó lombo preso por unha correa. Botábanlle unha dulzaina

amarela e vendían o latón de auga a perra chica. Todos bebían por el e, de vez en cando, enxugábano con auga que levaban nunha lata grande de sardiñas e nunca se soubo de contaxios. Outros personaxes moi populares eran os rosarieiros de Rodeiro, o Antonio e o Avelino, que vendían rosarios, chisqueiros, o Repertorio Zaragozano, O Gaitero de Lugo, que imprimía Xerardo Castro, e almanaques de parede; a Cambota, que levaba sorte do paxariño; a Rosario dos lagartos e culebras, que vendía pomada para curar o reuma, a Adiviña, que botaba as cartas...

Pitos e coellos, na espeteira

-¿Había moi tos tendeiros en Lugo?

-Moitos. Eramos todos amigos e cunha irmandade que non hai hoxe.

Viaxabamos nun Henschel, do Ferranchín, conducido polo Agustín, e noutros. O conductor do Saurer número un, do Montaña, era un tal Pereira, gordo el e baixiño, nativo do barrio de A Fervedoira. Levabamos grandes camións de mercancía, cen ou douscentos kilos, que cargaba o Ceferino por dúas pesetas. De volta, viñamos nos coches merendando e de troula, pero o malo era ó chegarmos ó fielato, onde estaban os consumeiros que cobraban impostos municipais por canto entraba na cidade. Por cada coello, por exemplo, 30 céntimos. Estaban á entrada de Montirón e en tódalas portas da muralla. Rexistraban os coches e á xente. ¡Cantos pitos e coellos pasamos metidos na espeteira! Disimulábanse ben porque, daquela, as mulleres usábamnos grandes toquillas.

Coma hoxe, había gardas bos, que daban o "visto bueno" pero tamén había outros ruincallos, como O Marica Peinada, que era malo como a sarna.

- "¿Qué compañeiros tratantes, tendeiros, comerciantes se lle acordan neste intre?

- O Toñito de Cuña, o Balín e o Moreno de Montaña, que mercaban ovos a peseta a ducia. Poñíanse de acordo con outros para fixa-los precios. O mesmo sucedía cos becerreiros: o Amadeo, o Xulio, o Sabeduría, o Abeledo, o Rafael de Cerceda, o Permuy, o Pedro de Sarria. A feira do gando era importantísima. Hoxe non o é tanto porque os becerreiros mercan polas casas. Aqueles tratantes tiñan moitas mañas para mercar barato. Levaban con eles varios homes que, alternativamente, achegábanse ó paisano e cada un mandáballe un precio cada vez menor. Aquelo era unha mafia.

A Ramona do Albaredo mercaba pitos, polos e ovos; o Valentín de Vilapedre, a Chufona e o pai dos Amaros vendían telas; a Mercedes da Tolda, paquetería e quincalla; o señor Camilo e a Margarita, tintes para tinguilas medias que calcetaban as mulleres nas casas.

O lenzo, a 60 céntimos/metro

- ¿Qué se vendía na década dos trinta?

- Fío para repasar, agullas de cego; alfileteiros de madeira moi retorneados que as mulleres levaban na faltriqueira cando ían coas vacas ó campo; dedais de xastre; nobelos de la; toquillas de pelo de cabra; amallóns para os zocos, xustillos, refaixos de felpa, calzupas de punto inglés, peleles para nenos, abertos por diante e por tras, chamados de "peido libre", panos amarelos e roxos de cabeza para as mulleres, que se vendían a ducias, panos de home escuros e a cadros, que eran moi

sufridos e chamábanlles "panos de herbas". Tamén vendiamos fusos de uz, que mercabamos en Lousadela, e algodón de tecelana, en pacas, branco para as sabans e moreno para colchas, pois no Páramo había moitos teares.

-Qué cousa extraña máis da feira do Páramo?

-A falta de xuventude e a amizade. Non se era a cantidade de mozos e mozas que se xuntaba alí. Hoxe todos van ás discotecas. Vívese doutra maneira. Aquela era vida sana, dende logo. Era un traballo duro e os beneficios imprevisibles porque as feiras non hai quen as entenda. Nun día de sol, ó mellor, non se fai cousa e, polo contrario, un día de frío e neve gáñase moitos cartos.

-¿Algúnha anécdota que lle sucederá a vostede?

-Unha vez recollimos tarde e tivemos que prender lume a uns cartóns para nos alumar, esquencéndonos un galo no pendello ó írmonos. Ao día da feira seguinte viñeron uns rapaces xunto nós, facendo a risa, con plumas do noso galo prendidas nas solapas das chaquetas. Bo proveito bos faga, dixémoslles. Foi unha trasnada sen maior importancia, coma outras que se facían. Eran todos eles coñecidos nosos e ocurriúselles facer aquela broma.

El Progreso, Venres 10 Xuño 1988

QUIEN Y QUE

Constantino López Grandas, presidente de honor
de la asociación de amigos del campo de la feria

La asociación de amigos del campo de la feria de O Páramo, tiene como presidente de honor a Constantino López Grandas, nacido en 1921 en la casatorre de A Barreira. El fue uno de los promotores de las actuales ferias de primavera que alcanzaron gran difusión y popularidad.



Constantino López Grandas

-¿Qué motivó la idea de la fundación de dicha asociación?

-En primer lugar, defender la «carballeira» y las ferias del municipio, ya que, en ambos casos, estaban condenadas a desaparecer.

-¿Quiénes fueron los promotores?

-La idea partió del secretario del Ayuntamiento, Jesús Méndez, a principios de la década de los sesenta. A ella nos súmanos varios simpatizantes, para defender estos dos puntos tan esenciales para nuestro municipio.

-¿Qué fin les motivó a crear la asociación?

-O Páramo carecía de capitalidad que englobara los diferentes servicios y nosotros pensamos que su mejor asentamiento sería el recinto del campo municipal, sin destruir la belleza de este gran parque.

-¿Qué consiguieron hasta ahora?

-La recuperación de unos colegios que estaban en ruinas. Uno de ellos es nuestro actual local social y el otro estuvo prestando servicios sanitarios hasta la fecha. A nuestra asociación se debe el haber tenido servicio de agua, la canalización, saneamiento, electrificación del campo, así como la construcción del templete.

-¿Alcanzaron más mejoras?

-De nueva implantación nacieron diferentes edificios oficiales como el de la Cámara Agraria, la casa del médico y el centro de salud. Próximamente se levantará un grupo escolar de EGB y ya está contratado la traída de aguas para el servicio del campo de la feria. Al ir tomando cuerpo dichas realizaciones, la iniciativa privada estableció, además, algunos talleres, farmacia y una agencia bancaria.

-¿Encontraron demasiadas dificultades en su labor?

-Dificultades y humillaciones, muchas. Tanto morales como económicas desde el principio.

-¿Y de cara al futuro?

-Esperamos que los organismos oficiales se responsabilicen de una vez y por todas sin olvidar el medio ambiente de esta gran área recreativa, que sería para Lugo un estupendo lugar de expansión, como lo están demostrando los colegios de la capital al venir celebrando sus fiestas de fin de curso en nuestra «carballeira» desde hace varios años.

Buen promotor

Constantino López Grandas no es sólo un buen conocedor de O Páramo y de su historia sino que también es un auténtico promotor de sus ferias y, en definitiva de este municipio. Durante mucho tiempo estuvo vinculado a la organización de los feriales, preocupándose por informar de los mismos a todos aquellos que así lo solicitasen. Su labor fue recordada, en más de una ocasión por los distintos pregoneros que abrieron con sus palabras los festejos de O Páramo. Hoy, a pesar de no tener un puesto entre la junta directiva de la asociación de amigos del campo de la feria, sigue estando vinculado a su municipio, con una actividad muy especial pese a que ya anda muy cerca de los setenta años de edad. Todavía le siguen quedando muchas fuerzas para dar a conocer a su Páramo natal y a sus ferias donde sea preciso.

La Voz de Galicia, Xoves, 8 de Xuño de 1989

Xesús Vázquez, o derradeiro ferreiro de O Páramo

Nas Feiras e Festas do Páramo, que o pobo bautizou co nome de "Feiras Novas", preséntanse toda clase de ferramentas industriais e maquinarias, en especial tractores cunha chea de complementos que viñeron substituír ó carro, ó arado, á grade e outros apeiros de labranza imprescindibles durante séculos para labourar a terra. As novas técnicas arrumaron coa forxa ancestral que, catro décadas atrás, aínda estaba no seu pleno apoxeo nas nosas bisbarras. Hoxe a maioría dos rapaces só saben polos libros cómo eran os obradoiros de ferreiro.



Xesús Vázquez é o derradeiro ferreiro de O Páramo

No Páramo, ata hai ben pouco tempo, puidemos ver en plena actividade unha forxa co xeito de traballar tradicional. Na actualidade trocouse nun taller de carpintería mecánica pero aínda se conserva o vello obradoiro, con algunhas

innovacións. Nel conversamos con Xesús Vázquez Vázquez, xubilado, que soamente fai algúns pequenos arranxos para uso particular.

Xesús Vázquez naceu en Friolfe o 22 de abril de 1920, na casa do Pesco, de aí que sexa coñecido por O Pesco. Aos 18 anos foi mobilizado e estivo nos frentes de Teruel, Valencia e Albacete. Tras ser licenciado o ano 42, ós poucos meses tivo que se reincorporar de novo ó exercito, servindo en Cádiz ata o ano 43. Foi licenciado definitivamente ó ser reclamado polo seu pai cando cumpriu os 60 anos. E xa en Friolfe, empezou a traballar de ferreiro por afección ata mediados dos anos sesenta que se trasladou ó lugar de Ardeverde, da parroquia de San Martiño da Torre, para aproveitar das aventaxes da instalación da luz eléctrica naquel lugar.

Cos novos adiantos foron cambiando os xeitos e incluso as ferramentas de traballo. Na forxa actual emprega carbón de gran calidade. Vexamos algunhas variacións. "A forxa que tiña en Friolfe —dínos— tiña unha plataforma de barro onde se queimaba carbón de uz para quentar o ferro e caldeallo para logo calzalo con aceiro. A cinza botábase nun caixón chamado fornalleira. Para avivar o lume empregábase o barquil ou fol, que daba aire á forxa. O barquil foi substituído polo ventilador eléctrico. Outro útil imprescindible no obradoiro dun ferreiro era o ingre ou xunca, onde se machacaba o ferro con mazas ou martelos. Para facer visagras e outras pezas empregábase o esteixador que ven ser un martelo de esquinas vivas. Tamén usabamos a maza —un martelo de cinco ou seis kilos— para curvar e estirar os ferros. Este foi substituído, polo actual martinete ou martelo eléctrico. Imprescindible para facer o temple de toda clase de ferramentas é o pío, un bloque de cantería vaciado, que se enche de auga para poder introducir as ferramentas unha vez rematadas, para darlles a dureza axeitada ó destino que ten cada unha.

Outras ferramentas importantes eran os diferentes tipos de tenazas: tenazas de volta e de gancho, para ter conta dos ferros, caldealos e aguzar picos ou cravuñar machetas. Coas tenazas dereitas agarrábanse os ferros planos e, coas cónicas, os redondos. As talladeiras eran pezas que se acoplaban a un mango de madeira e servían para cortar trozos de ferro e de aceiro en quente. Talladeira de quita e pon era a que se empregaba para cortar pezas pequenas e espetábase na xunca cando facía falla. Outras ferramentas imprescindibles eran os furadores, fabricados polo mesmo artesán a medida segundo os calibres dos diferentes buratos dos clavos e tornillos, avellanados ou non. Hoxendía os furadores foron reemprazados por brocas. Ademais tiñamos limas, serras de ferro, alicates, punzóns e mesmo pedras de afiar".

Xesús Vázquez facía rellas para arados, grades, fouciños sachas, romanas, arados de ferro, reixados, coitelos, follas de navalla, pechaduras, petadores...

"Ata arranxei básculas e máquinas de coser —engade o señor Pesco— e unha pistola para un garda civil, con certo temor, claro está, porque non tiña licencia para facelo". E continúa "mentres non se colle experiencia, o oficio de ferreiro é difícil. O importante é ter forza de vontade. Todo se pode aprender a conta dun mesmo a non ser o oficio de barbeiro, que se aprende á conta da cabeza dos outros".

Xesús Vázquez recorda outros bós ferreiros do Páramo, como Os Reguengos, de Moscán, O Coxo, de Teiquisoí, o de Vilar de Gondrame, e dinos: "Daquela había moito traballo e cheguei ter algúns axudantes. No tempo das bouzas traballaba ata as doce da noite e sempre por encargo. Agora o noso oficio veu abaixo porque as

técnicas da forxa artesanal son moi costosas. E un traballo moi duro e hai que estar sempre agachado. Por elo, non é de extrañar que se vaia acabando".

La Voz de Galicia, Venres, 9 de Xuño de 1989

O ENRIQUE DE MACÍA

O Enrique de Macía é un home moi bromeiro. É unha regalía estar con el.
Abofé que estar ó seu carón é un vieiro de rosas.

Os emigrantes extrañan ó Macía; gustan da súa compañía os veciños e
escóitano pamos os picariños rebuldeiros.

"Macíabiriscadacantiga", co seu aquel do espírito da viña dos Barredos,
forman unha trinidad chea, rumbosa, aberta e dada ós amigos, sen parello moitas
leguas á redonda.



Enrique López Fernández (o Macía)

Iamos á praia fluvial co Macía, -residente en Lugo dende hai uns anos, foncho
coa súa cativa industria- e cál non sería a nosa sorpresa cando supetamente berrou:

¡Parade, que soltaron os presos!

?

¿Non vedes os mamíferos rubios?

Escachamos unha gargallada cando se explicou:

Os presos son os coches; os mamíferos son os semáforos.

Trasantonte saíamos pola porta de Santiago e vimos unha mulleriña, a correr, burlando o semáforo para subir ó "bus" (Deus Santo, qué frenazo). Atrás dela o municipal, chifrando, coa libreta e o bolígrafo na man. A boa da paisana, pequeneira e reboluda, montou no "bus" en marcha, satisfeita por terse liberado da multa.

O Macía berroulle ó gardia:

¡Señor, señor, cóllalle a matrícula!

Levo a grandeza de ser xenro do Macía. Recén casado fun ó Saviñao para visitar os curmáns e presentarlles a miña muller. Coidando que ataballamos, viramos por un carreiro montesío e, no cimo, atopamos unha patrona cun fato de ovellas. A pegureira, de longas saias e zocos bastados, estaba facendo labor de mans.

Foi un santo dar con ela. Iamos desencamiñados. Pero non para aquí o conto. Cál non sería o noso aglaio cando, dirixíndose á miña esposa, preguntou:

¿I el non serás filla do Macía?

A resposta afirmativa entoldou os ollos da boa muller e contounos do seu casorio -acordo familiar- para casa boa en terra allea e das súas nostáxicas lembranzas da aldea nativa: a esfolla do millo, os fiadeiros, as vendimas, as mallas...

a mocidade de Reboreda, de Laxe, das Eiras, de Vileiriz, a barullar e argallar "farras" na casa do Macía tras esgotadoras tarefas labregas.



O autor do libro Manolo Rodríguez e o seu pai político Enrique López, o Macía

O Macía non se afai na capital e bota curtas tempadas na aldea. Para el non hai mellor festa cá birisca entre amigos, coa "jambia" -a súa muller- de compañeira, e un chanqueiro de viño para alumar ideas. Tampouco cansan as súas historias: as viaxes a Honduras, Cuba, México, Estados Unidos, de donde foi deportado a España por mor da crise do ano 29... Garantía evidente de que estivo en New York son as tesouras e navalla barbeira -Made in USA- (únicos recordos que conserva) e a morea de verbas inglesas que recita coma un rosario deixando pampos ós compañeiros e, tamén, as cantigas cubanas, que na noite pecha, ecoan por todo o lugar.

O que non se debe contar no Páramo é que, días atrás, presentáronse uns turistas americanos na "Fonda Macía" e, cando as fillas o chamaron para servirse dos seus coñecementos do inglés, o home saudou ós Yankees cun "olrait" ceremonioso e liscou a dar un "borde" para estalicar as pernas.

El, tan sabido na lingua de Shakespeare, ¿por que fuxía? ¿Sabía, realmente, falar o inglés?, bromearon as fillas.

O meu fillo Enrique, tan afervorado el do seu avó, desagradoulle que dubidaran do seu padriño e espetoulles:

Sinte saudade por Estados Unidos e non quixo conversar con eles porque lle daba tristura.

ETCETERA, ETCETERA...

Sempre me lembrarei dos contos do Enrique de Macía en Camporredondo o día que casaron a Dorinda do Farruco do Medio e o Xulio de Guimerás.

Unha vez -dixo- fun ás mozas en Sabadelle co Suso do Benino de Teirente, bo rapaz por certo, pero moi apoucado e de entendedeiras tan cativas coma as do pai que, un día, en vendo un burro escapado polo lugar, ocurriúselle prender a besta e berroulle ó Domingo de Menor:

¡Venme axudar aquí, que ímoslle botar este burro á miña besta!

¡Eu diso non che entendo!, escusouse o veciño.

Pero o Benino de Teirente apunoulle tanto que lle axudara que, ó fin, aceptoulle e pillaron o burro. Logo, o Benino quedouse un anaco cismando e dixo:

Para que o burro pense que a besta é unha burra, voulle poñer un mandil ó lombo.

Tal dito, tal feito.

E o Benino encirraba ó burro para que se arrimara á besta:

¡Hale burro! ¡Vel a burra! ¡Hale burro! ¡Vel a burra!

Pero o animal non se daba preparado. Seica non lle gustaba a besta, que era ruinciña...

Ben. Xa sabedes que era o pai do meu compañeiro. Estela de tal pola xa é sabido que, nun caso de apuro, non serviría para nada; pero, ¿quen cavila en problemas cando se é novo?

O caso foi que non enviñamos cara Sabadelle. Daquela non había o embalse aínda e, para pasar o río, serviámonos dunha barca, que estaba amarrada a un bídalo e desembarcamos na outra beira preto do tendal que hai a carón do muiño do Fanagueiro donde, cando chove, agarímanse os paisanos coa molaxe namentres non chega o muiñeiro.

O Suso e máis eu determinamos que o primeiro en chegar de xunto ás mozas agardaría alí polo outro, e seguimos cada quen o seu camiño.

A miña rapaza era a Estrela do Pereiraboa, que todos sabedes o chistoso que el era. Moito ben me quería, ¡Dio-lo teña no ceo!

Cadrou que aquel día mallaran e estaban rematando de cear con tódolos da roga e o Pereiraboa mandoume pasar para tomar un chanqueiro.

Aquelo era unha algarabía. A cea fora farturenta e o viño, de colleita propia, xa alumaba ben. O caso foi que, denantes de parrafear coa Estrela, estivemos a contos ata ben entrada a noite. Non sei se contarvos o conto do ETCETERA, ETCETERA... porque podedes coidar que é irreverente; pero, hoxe en día, xa estamos afeitos a oír cousas peores no televexo.

Vai, pois, tal como o contou o Pereiraboa, sen lle engadir unha coma.

Cando eu era un rapazolo -dixo- contaba o meu pai que o bispo, nunha das súas visitas pastorais, foi á parroquia de Aldosende para confirmar ós pequenos e, conque o cura non sabía o que lle había facer de xantar, foise a Lugo e aconsellouse co seu secretario.

O señor bispo, aseguroulle, come de todo. Non é nada escollido. Pódenlle poñer, de primeiro, unha sopa; despois algo de carne e ETCETERA, ETCETERA.

Don Victorino, de volta á parroquia, preguntoulle ó sacristán qué era ETCETERA, ETCETERA e o bo do home, coidando que o abade facía risa del, contestoulle:

Eche a bicha dun burro.

O crego contoulle a unha beata do lugar, que tiña un burro moi velliño, cal era o gusto gastronómico do bispo e, ¡non faltaba máis!, co permiso da patrona, cortáronlle a bicha ó animal e puxérona a cocer, coce, coce e coce, e ben cocida, colocárona toda enrodelada nunha fonte. E cando o bispo se sentou á mesa para xantar, primeiro servíronlle a sopa, logo non sei qué máis e, despois, o ETCETERA, ETCETERA.

O bispo estivo serra, serra, serra e berrou:

Pero isto ¿que é? ¡Parece a bicha dun burro!

E o crego contestoulle satisfeito:

¡Si, señor. É!

Dios sabe os contos que alí palicou e, todos, con pimenta! Xa pouco me puiden demorar coa Estrela e, cando cheguei ó lugar acordado co Suso... ¡malos demos! ¡Nin barca nin compañeiro!

Levaba unha hora longa agardando e o Suso sen chegar. ¿Sucederíalle - cavilei- como noutra ocasión que non atopara a moza e estaría, xa de volta, en Teirente? ¿Quen, senón, levará a barca?

Polo si ou polo non, escribinlle unha nota ben clariña, con letra grande, e espeteina no bídalo. Despinme. Coa roupa e os zocos -daquela zapatos había poucos- fixen un emburullo e boteino á cabeza e, conque sabía nadar ben, chimpeime ó río; pero unha ola de auga, ou quizais unha ventolada de aire -non o sei de certo- pinchoume o emburullo e a corrente levouno río abaixo. Tentei collelo, pero pillei moito medo porque había un gran remuíño e, para máis desgracia, deime tal carneirazo contra unha pena que aínda parece que me está doendo a testa agora.

Cando me vin na outra beira, así e todo, dei gracias por estar san e salvo e boteime a camiñar, desnudo -a noite era pecha- a legua de camiño que me separaba da miña casa.

Cando cheguei a Santalla, como ía espido, aínda que era nos derradeiros días do verán, sentín que me tollía a friaxe, pero, claro está, seguí camiñando máis, en Millerados, xa aterecía co frío e agarimeime na palleira do Xavier ata que vin pasar o compañeiro e berreille:

¡Agarda, ho! ¡Agarda, ho, que vou eu tamén!

Así que me viu daquel xeito, o Suso matinou que eu era cousa doutro mundo e berrou:

¡Mecagoental, aí veñen as ánimas!

E botou a correr e, canto máis eu lle berraba, máis el escapaba. Canto máis corrían as ánimas, máis alancaba o Suso.

En chegando á cima da corga do Sagrazal, vin un poldro que estaba a pacer nun arredor e pensei:

Agora tiven sorte, que poderei seguir montando a cabalo.

Pero, cando o fun a pillar, o animal mirou para min e, ó verme, empezou a ornear e fuxiu coma un louco arrincando lume das pedras.

O Suso, ó sentir aquel tropel, o cabalo trotando e as ánimas correndo, inda máis se alporizou e agachouse nun toxeiro e alí agardou esfurricado, ata ben entrado o día.

Cando chegou a Teirente mesmo semellaba un cadavre e os veciños preguntáronlle:

¿E logo, que che pasou, Suso?

Mecagoental -contestou- saíronme as ánimas ó camiño e máis é: ¡Viña o demo con elas!